

O cura de Tours

Honoré de Balzac

Tradución de Emma Lázare Rodríguez



Honoré de Balzac

O cura de Tours

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

A DAVID, ESCULTOR¹

A duración da obra na que inscribo o seu nome, dúas veces ilustre neste século, é moi problemática; mentres que vostede grava o meu no bronce que sobrevive ás nacións, aínda que só fose gravado polo vulgar martelo do acuñador. ¿Non se molestarán os numismáticos por tantas testas coroadas no seu taller, cando atopen entre as cinzas de París esas existenciais perpetuadas por vostede alén da vida dos pobos, nas que crerán ver dinastías? A vostede, pois, ese divino privilexio, a min o agradecemento.

DE BALZAC

Ó comezo do outono do ano 1826, o padre Birotteau, principal personaxe desta historia, viuse sorprendido por unha torboada cando volvía da casa á que fora pasa-lo serán. De maneira que atravesaba tan rapidamente como as súas carnes llo permitían, a pequena praza deserta chamada o Claustro, que se atopa detrás da ábsida de Saint-Gatien, en Tours².

O padre Birotteau, home pequeneiro de constitución apopléctica, tiña uns sesenta anos de idade e xa sufrira varios ataques de gota. Agora ben, de tódalas pequenas miserias da vida humana, aquela pola que o bo do sacerdote experimentaba maior aversión era a repentina molladura dos seus zapatos de anchas presillas de prata e a inmersión das súas solas. En efecto, malia os carpíns de flanela nos que empacataba en todo tempo os pés, co coidado que os eclesiásticos poñen neles mesmos, sempre apañaba un pouco de humidade; logo, ó outro día, a gota dáballo infalibles probas da súa constancia. Sen embargo, como o pavimento do Claustro sempre está seco, e o padre Birotteau gañara tres libras e dez patacos xogando ó *whist* na casa da señora de Listomère, soportou a choiva con resignación desde o centro da praza do Arcebispado, onde comezara a caer copiosamente. Por outra banda, nese momento acariciaba a súa quimera, un desexo que xa tiña doce anos, ¡un desexo de crego!, desexo que, labrado noite tras noite, semellaba daquela próximo a cumprirse; en fin, xa se arroupaba demasiado ben na peliza dun canonicato como para senti-los rigores atmosféricos: durante a velada, as persoas que habitualmente se reunían na casa da señora de Listomère case lle garantiran o seu nomeamento para a praza de cóengo, vacante naquel momento no Cabido metropolitano de Saint-Gatien, probándolle que ninguén a merecía máis ca el, sendo incontestables os seus dereitos, por tanto tempo descoñecidos. Se tivese perdido no xogo, se soubese que o padre Poirel, o seu competidor, chegaba a cóengo, entón o bo do home tería atopado a choiva ben fría. Se cadra ata había maldici-la existencia. Pero atopábase nunha desas raras circunstancias da vida nas que felices sensacións fan esquecer todo. Apresurando o paso, obedecía a un movemento maquinal e, a verdade, esencial nunha historia costumista, obriga a dicir que non pensaba nin na chuvia nin na gota.

Noutrora había no Claustro, pola banda da Grand'rue, unhas casas cercadas por un valado, pertencentes á Catedral e nas que residían varios dignitarios do Cabido. Despois da alienación dos bens do clero, a vila converteu o pasadizo que separa estas casas nunha rúa, chamada rúa da Psalette³ e que vai do Claustro á Grand'rue. O nome indica suficientemente que alí residían noutrora o gran Chantre, as súas escolas e os que dependían deles. O lado esquerdo desa rúa está ocupado por unha soa casa cos muros atravesados

polos arcobotantes de Saint-Gatien que se implantan no seu estreito xardinciño, de maneira que deixan a un na dúbida de se a Catedral foi edificada antes ou despois desa antiga vivenda. Pero, examinando os arabescos e a forma das fiestras, a cimbra da porta e o exterior desa casa amarelada polo tempo, o arqueólogo pode ver que sempre formou parte do magnífico monumento co que está desposada. Un especialista en antigüidades, se o houbese en Tours, unha das vilas menos ilustradas de Francia, podería incluso recoñecer, na entrada do pasadizo ó Claustro, algúns vestixios do arco que formaba antigamente a fachada desas construcións eclesiásticas e que debía harmonizar co carácter xeral do edificio. Situada ó norte de Saint-Gatien, esa casa fica sempre baixo as sombras proxectadas pola gran catedral sobre a que o tempo botou o seu manto negro, imprimiu as súas engurras, sementou o seu frío húmido, as carrizas e as altas herbas. Igualmente a casa está sempre envolta nun profundo silencio só interrompido polo ruído das campás, o canto dos oficios que franquea os muros da igrexa, ou os berros das grallas que aniñan no cumio dos campanarios. Ese lugar é un deserto de pedras, unha soidade chea de fisionomía, que non pode ser habitada máis que por seres próximos a unha completa nulidade ou dotados dunha forza de espírito prodixiosa. A casa da que se trata sempre estivera ocupada por cregos e pertencía a unha solteirona chamada señorita Gamard. Aínda que ese ben lle fora adquirido á Nación, durante a época do Terror, polo pai da señorita Gamard, como había vinte anos que aquela solteirona só aloxaba alí sacerdotes, a ninguén lle parecía mal, baixo a Restauración, que unha beata conservase un ben nacional: quizá a xente relixiosa lle supoñía a intención de legarlló ó Cabido, e a xente mundana non vía o seu destino cambiado.

O padre Birotteau dirixíase, pois, cara a aquela casa, na que residía dende había dous anos. O seu apartamento fora, como era agora o canonicato, o obxecto dos seus desexos e o seu *hoc erat in votis* durante unha ducia de anos. Ser hóspede da señorita Gamard e chegar a ser cóengo foron os dous grandes asuntos da súa vida; e quizá resuman exactamente a ambición dun sacerdote que, considerándose de viaxe para a eternidade, non pode desexar neste mundo máis que un bo albergue, unha boa mesa, roupa limpa, zapatos con presillas de prata, cousas suficientes para as necesidades do animal, e un canonicato para satisfacer-lo amor propio, ese sentimento indíxible que nos seguirá, segundo se di, ata xunto a Deus, xa que hai graos entre os santos. Pero a cobiza polo apartamento que entón habitaba o padre Birotteau, ese sentimento mínimo ós ollos das xentes de mundo, fora para el toda unha paixón, paixón chea de obstáculos e, como as máis criminais paixóns, chea de esperanzas, de praceres e de remordementos.

A distribución interior e a capacidade da casa non lle permitiran á señorita Gamard dar aloxamento máis que a dous hóspedes. Ora ben, uns doce anos antes de que Birotteau fose hospedado por aquela muller, ela encargárase de manter con alegría e saúde ó señor abade Troubert e ó señor abade Chapeloud. O padre Troubert vivía. O padre Chapeloud morrera, e Birotteau sucedéao inmediatamente.

O defunto señor abade Chapeloud, en vida cóengo de Saint-Gatien, fora o amigo íntimo de Birotteau. Cando o vigairo entraba na casa do cóengo, nunca deixaba de admira-lo apartamento, os mobles e a biblioteca. Desá admiración naceu un día o desexo de posuír aquelas cousas fermosas. Fóralle imposible a Birotteau afogar ese desexo, que a miúdo o fixo sufrir horriblemente cando viña a pensar que só a morte do seu mellor amigo podía satisfacer aquela cobiza, oculta, pero que non cesaba de medrar. O padre Chapeloud e o seu amigo Birotteau non eran ricos. Ámbolos dous fillos de campesiños, non disporían de ningunha outra cousa máis que dos escasos emolumentos concedidos ós sacerdotes; e as súas exiguas economías foran empregadas en pasa-los tempos desgraciados da Revolución. Na época en que Napoleón restableceu o culto católico, o padre Chapeloud foi nomeado cóengo de Saint-Gatien e Birotteau vigairo da Catedral. Entón Chapeloud entrou na casa da señorita Gamard. Cando Birotteau foi visita-lo cóengo na súa nova vivenda, atopou o apartamento perfectamente distribuído; pero non viu alí ningunha outra cousa. O comezo desta concupiscencia mobiliaria foi semellante ó dunha paixón verdadeira que, nun home novo, comeza ás veces por unha fría admiración pola muller que máis tarde amaré sempre.

Aquel apartamento, accesible por unha escaleira de pedra, atopábase nun corpo do edificio exposto ó mediodía. O padre Troubert ocupaba a planta baixa e a señorita Gamard o primeiro andar do edificio principal que daba á rúa. No momento en que Chapeloud entrou na súa vivenda, os cuartos estaban nus e os teitos ennegrecidos de fume. Os marcos das chemineas de pedra bastante mal esculpida nunca se pintaran. Por todo mobiliario, o pobre cóengo puxo ó primeiro unha cama, unha mesa, algunhas cadeiras e os poucos libros que posuía. O apartamento era como unha fermosa muller vestida de farrapos. Pero, dous ou tres anos máis tarde, unha anciá deixoulle ó padre Chapeloud dous mil francos, el empregou aquela suma na compra dunha biblioteca de carballo, proveniente da demolición dun palacio desmantelado pola Banda Negra e notable por unhas tallas dignas da admiración dos artistas. O sacerdote fixo aquela adquisición, menos seducido polo baixo prezo que pola perfecta concordancia que existía entre as dimensións daquel moble e as da galería. As súas economías permitíronlle entón restaurar enteiramente a galería, ata entón pobre e abandonada. O parqué foi coidadosamente pulido, o teito branqueado e as madeiras pintadas de maneira que figuraban as cores e os nós do carballo. Unha cheminea de mármore

substituíu a antiga. O cóengo tivo bo gusto abondo para buscar e atopar uns vellos sofás de pao de nogueira tallado. Despois, unha longa mesa de ébano e dous mobles do ebanista Boulle acabaron de lle dar a aquela galería unha fisionomía moi característica. No prazo de dous anos, a xenerosidade de varias persoas devotas e os legados das súas piadosas penitentes, aínda que limitados, encheron de libros os andeis da biblioteca entón baleira. Por fin, un tío de Chapeloud, vello oratoriano, legoulle a súa colección de infolio dos Padres da Igrexa e outras varias grandes obras, preciosas para un eclesiástico. Birotteau, cada vez máis sorprendido polas sucesivas transformacións daquela galería noutrora núa, chegou gradualmente a unha involuntaria cobiza. Desexou posuír aquel gabinete, tan de acordo coa gravidade dos costumes eclesiásticos. Esta paixón foi medrando día a día. Ocupado durante días enteiros en traballar naquel asilo, o vigairo puido apreciar-lo seu silencio e a súa paz, despois de ter admirado primitivamente a súa feliz distribución. Nos anos que seguiron, o abade Chapeloud converteu a cela nun oratorio, que as súas devotas amigas se compraceron en adornar. Máis tarde aínda, unha dama ofreceulle ó cóengo para o seu cuarto un moble de tapicería que ela mesma estivera facendo durante moito tempo ante os ollos daquel home amable sen que el sospeitase o destino da obra. Ocorreu entón co cuarto o mesmo que coa galería, cegou ó vigairo. Por fin, tres anos antes da súa morte, o abade Chapeloud completara o confort do seu apartamento decorando o salón. Aínda que simplemente gornecido de veludo de Utrecht vermello, o mobiliario seducira a Birotteau. Desde o día en que o compañeiro do cóengo viu as cortinas de seda vermella bordada, os mobles de caoba e a alfombra de Aubisson que adornaban aquela vasta sala pintada de novo, o apartamento de Chapeloud foi obxecto da súa secreta monomanía. Vivir alí, deitarse no leito de grandes cortinas de seda onde durmía o cóengo, e atopar sempre aquelas comodidades arredor de si, como as atopaba Chapeloud, foi para Birotteau a felicidade completa: non vía nada máis aló. Toda a envexa e a ambición que as cousas deste mundo fan nacer no corazón dos outros homes concentráronse para o padre Birotteau no sentimento secreto e profundo co que desexaba un ambiente semellante ó que creara o abade Chapeloud. Cando o seu amigo caía enfermo, el íao ver certamente conducido por un sincero afecto; pero ó informarse da indisposición do cóengo, ou mentres lle facía compañía, elevábanse, ó seu pesar, no fondo da súa alma mil pensamentos dos que a forma máis sinxela era sempre: «Se Chapeloud morrese, eu podería te-lo seu aloxamento». Sen embargo, como Birotteau tiña un corazón excelente, ideas estreitas e unha intelixencia limitada, non ía ata concibi-los medios para conseguir que lle fosen legados a biblioteca e mailos mobles do seu amigo.

O padre Chapeloud, egoísta amable e indulxente, adiviñou a paixón do seu amigo, cousa que non era moi difícil, e perdooulla, o que pode semellar menos fácil nun crego. Pero tamén o vigairo, a amizade do cal seguiu se-la mesma, non cesou de pasear co seu amigo tódolos días pola mesma avenida do paseo de Tours, sen lle reprochar unha soa vez o tempo consagrado durante vinte anos a aquel paseo. Birotteau, que consideraba os seus desexos involuntarios como faltas, sería capaz, por contricción, da meirande abnegación polo abade Chapeloud. Este pagou a débeda contraída por unha fraternidade tan inxenua e sincera dicíndolle, uns días antes da súa morte ó vigairo, que lle lía *La Quotidienne* :

—Desta vez, tera-lo apartamento. Sinto que todo acabou para min.

En efecto, no seu testamento o abade Chapeloud legoulle a biblioteca e mailo mobiliario a Birotteau. A posesión daquelas cousas tan ardentemente ansiadas, e a perspectiva de ser acollido na pensión da señorita Gamard, mitigaron moito a dor que lle causaba a Birotteau a perda de seu amigo o cóengo: tal vez non resucitaría, pero chorou por el. Durante algúns días sentiuse como Gargantúa, que, morta a súa muller parindo a Pantagruel, non sabía se tiña que alegrarse polo nacemento do seu fillo ou que desgustarse por ter enterrado a súa Badebec, que se equivocaba alegrándose da morte da muller e deplorando o nacemento de Pantagruel. O padre Birotteau pasou os primeiros días do seu dó verificando as obras da súa biblioteca, utilizando os seus mobles, examinándoos, dicindo cun ton que, desgraciadamente, non se puido reproducir:

—¡Pobre Chapeloud!

En fin, a súa alegría e a súa dor ocupárono de tal xeito que non sentiu ningunha pena ó ver como lle daban a outro a praza de cóengo, na que o defunto Chapeloud esperaba ter a Birotteau por sucesor. A señorita Gamard aceptou gustosa o vigairo en pensión e este participou desde entón de tódalas comodidades da vida material que lle chufaba o defunto cóengo. ¡Incalculables vantaxes! Oíndo ó defunto abade Chapeloud, creríase que ningún dos sacerdotes que vivían na vila de Tours, sen exceptua-lo Arcebispo, podía ser obxecto de coidados tan delicados e tan minuciosos coma os prodigados pola señorita Gamard ós seus dous hóspedes. As primeiras palabras que lle dicía o cóengo ó seu amigo, no paseo, case sempre se referían a unha suculenta cea que acababa de tomar e era ben raro que, durante os sete paseos da semana, non lle dixese polo menos catorce veces: «Esa excelente muller certamente ten por vocación o servicio

eclesiástico».

—Imaxine —dicialle o abade Chapeloud a Birotteau—, durante doce anos consecutivos, roupa branca, albas, sobrepelices, colariños, non me faltou nunca de nada. Sempre atopo cada cousa no seu sitio, en cantidade suficiente e recendendo a lirios. Os mobles, frégaos e límpaos tan ben que onde vai que non sei o que é o po. ¿Viu vostede algunha vez un só gran de po na miña casa? ¡Xamais! E a leña para a cheminea é ben escollida, a mínima cousa é excelente; nunha palabra, parece como se a señorita Gamard tivese un ollo sempre posto no meu cuarto. Non me lembro de ter chamado dúas veces, en dez anos, para pedi-lo que fose. ¡Iso é vida! Non ter que buscar nada, nin sequera as zapatillas. Atopar sempre un bo lume, unha boa mesa. En fin, preocupábame a miña respiración, tiña molestias na larinxe, non me queixei dúas veces. Pssst, ó outro día a señorita regaloume un bonito chifre e este par de tenaciñas coas que me ve vostede atiza-lo lume.

Birotteau, por toda resposta, dicía :

—¡Recendendo a lirios!

Ese *recendendo a lirios* sempre o sorprendía. As palabras do cóengo acusaban unha felicidade fantástica para o pobre vigairo a quen os colariños e as albas causaban gran preocupación, pois el non tiña orde ningún e esquecíase moi a miúdo de pedi-la cea. Así que, fose durante a colecta, fose dicindo a misa, cando albiscaba a señorita Gamard en Saint-Gatien, nunca deixaba de botarlle unha ollada doce e afectuosa, coma as que lle debía botar ó ceo santa Teresa.

Pero aínda que lle fose concedido o benestar que desexa toda criatura e co que el soñara con tanta frecuencia, como é difícil para todo o mundo, mesmo para un crego, vivir sen algunha teima, desde había dezaioito meses o abade Birotteau substituíra as súas paixóns satisfeitas polo desexo dun canonicato. O título de cóengo transformárase para el no que debe se-lo título de par para un ministro plebeo. De maneira que a probabilidade do seu nomeamento e as esperanzas que lle acababan de dar na casa da señora de Listomère, dábanlle tantas voltas na cabeza que non se lembrou de que esquecera alí o paraugas ata que chegou ó seu domicilio. Se cadra incluso, se non fose pola choiva que caía a canados, nin se lembraría, tan absorto ía polo pracer co que repetía no seu interior todo o que lle dixeran sobre a súa promoción as persoas de arredor da señora de Listomère, anciá na casa da cal pasaba as tardes dos mércores. O vigairo chamou vivamente como para avisar á criada de que non o fixese agardar. Despois achegouse contra o recanto da porta por se molla-lo menos posible; pero a auga que viña do teito caeulle precisamente na punta dos zapatos e o vento lanzáballe por momentos certas bafaradas de choiva semellantes a duchas. Tras calculalo tempo necesario para saír da cociña e ir tirar polo cordón colocado baixo da porta, volveu petar de maneira que soase unha chamada moi significativa. «Non poden ter saído», pensou ó non oír movemento ningún no interior. E por terceira vez tocou o timbre, o cal resoou tan agudamente na casa e foi repetido de tal xeito por tódolos ecos da catedral, que con aquel escandaloso alboroto era imposible non espertar. De modo que, algúns instantes despois, sentiu, non sen certo pracer mesturado cun pouco de mal humor, os zocos da criada que choqueleaban no empedrado. Sen embargo o mal estar do gotoso non rematou tan pronto como cría. En lugar de tirar do cordón, Marianne tivo que abri-la pechadura da porta coa chave grande e retira-los ferrollos.

—¿Como agarda a que chame tres veces con semellante tempo? —díxolle a Marianne.

—Pero señor, ben ve que a porta estaba pechada. Onde vai que todo o mundo está deitado, xa pasa das once menos cuarto. A señorita debeu pensar que vostede non saíra.

—¡Mais vostede viume saír! Ademais a señorita ben sabe que vou á casa da señora de Listomère ós mércores.

—¡Abofé, señor! Eu fixen o que a señorita me mandou —respondeu Marianne, pechando a porta.

Estas palabras supuxeron para o padre Birotteau un golpe ó que foi máis sensible sobre todo porque os seus soños o fixeran completamente feliz. Calou, seguiu a Marianne á cociña para colle-lo seu candeeiro que supoñía que lle deixaran alí. Pero, en lugar de entrar na cociña, Marianne acompañouno ó seu cuarto, onde o vigairo albiscou o candeeiro na mesa que se encontraba á porta do salón vermello, nunha especie de antecámara formada polo descansíño da escaleira ó que o defunto cóengo adaptara un gran cerramento acristalado. Mudo de sorpresa, entrou prontamente no cuarto, non viu lume na cheminea e chamou por

Marianne, que aínda non tivera tempo de baixar.

—¿E logo non me acenderon o lume? —preguntou.

—Perdón, señor cura —respondeu ela—, apagaríase.

—Birotteau mirou de novo a cheminea, e comprobou que o lume permanecera cuberto desde a mañá.

—Teño que seca-los pés —dixo—. Acéndame o lume.

Marianne obedeceu coa presteza de quen está desexando ir durmir. Segundo buscaba as zapatillas, que non estaban na alfombra, tal e como adoitaban estar, o padre fixouse en como estaba vestida Marianne e comprendeu que non viña da cama, como dixerá. Lembrouse, entón, de que había uns quince días que o privaban deses pequenos coidados que, durante dezaoit meses, lle fixeran a vida tan doada de levar. E, como a natureza das mentes estreitas as leva a descubrir minucias, entregouse de pronto a profundas reflexións sobre eses catro acontecementos, imperceptibles para calquera outro, pero que para el constituían catro catástrofes. Tratábase, evidentemente, da perda total do seu benestar co esquecemento das zapatillas, a mentira de Marianne con respecto ó lume, o transporte insólito do candeeiro á mesa da antecámara e a situación forzada que lle fixeran sufrir, baixo a choiva, no limiar da porta.

Cando a chama brillou na cheminea, cando se acendeu a lámpada de noite e Marianne marchou sen lle preguntar, como facía antes: «¿O señor necesita algunha outra cousa?», o abade Birotteau deixouse caer a modo na fermosa e ampla butaca do seu defunto amigo; pero o movemento co que caeu tivo algo de triste. O bo do home estaba abatido polo presentimento dunha horrible desgracia. Os seus ollos volvéronse sucesivamente cara ó fermoso conxunto, a cómoda, os asentos, as cortinas, as alfombras, o leito de columnas, a pía de auga bendita, o crucifixo, unha *Virxe* de Valentin, un *Cristo* de Lebrun, en fin tódolos accesorios daquel cuarto; e a expresión da súa cara revelou as dores do máis tenro adeus que un amante teña dado xamais ó seu primeiro amor, ou un ancián ás últimas árbores que plantou. O vigairo acababa de recoñecer, un pouco tarde, esa é a verdade, os sinais dunha persecución xorda exercida sobre el, dende había uns tres meses, pola señorita Gamard, as malas intencións da cal, sen dúbida, terían sido advertidas moito antes por un home intelixente. ¿Non teñen tódalas solteironas un certo talento para acentuar-las accións e as palabras que lles suxire o odio? Rabuñan coma os gatos. Ademais, non só feren senón que senten pracer en ferir e en facerlle ver á súa vítima que a feriron. Mentres que un home de mundo non se deixaría gaudñar dúas veces, o bo de Birotteau necesitaba varias poutadas na cara antes de crer na mala intención.

De contado, con esa sagacidade inquisidora que contraen os curas habituados a dirixi-las conciencias e a buscar miudezas desde o fondo do confesionario, o padre Birotteau púxose a establecer, coma se se tratase dunha controversia relixiosa, a proposición seguinte: «Admitindo que a señorita Gamard non se lembrara da miña visita á casa da señora de Listomère, que Marianne esquecese acenderme o lume, que pensasen que eu xa regresara; tendo en conta que baixei esta mañá, eu mesmo, ¡¡¡o meu candeeiro!!! é imposible que a señorita Gamard ó velo no seu salón supuxese que xa me deitara. Ergo, a señorita Gamard deixoume a propósito na porta baixo a choiva; e subiu o candeeiro ó meu cuarto coa intención de que eu comprendese...

—¿O que?» —dixo en voz alta, arrastrado pola gravidade das circunstancias e erguéndose para quita-la roupa empapada, poñe-la bata e o gorro de durmir.

Despois andou do leito á cheminea, xesticulando e lanzando en diferentes tons as frases seguintes, todas rematadas con voz de falsete como para substituí-los signos de interrogación:

—¿Que diaño lle fixen eu? ¿Que me tomaría a mal? Marianne non se puido esquecer do meu lume, ¡tivo que ser ela a que lle dixo que non mo acendese! Ata un neno se daría conta, polo ton e os modos que adopta comigo, de que tiven a desgracia de desgustala. ¡A Chapeloud nunca lle ocorreu nada semellante! Vaime ser imposible vivir entre eses tormentos que... á miña idade...

Deitouse coa esperanza de aclarar ó día seguinte a causa do odio que destruíra para sempre aquela felicidade da que gozara durante dous anos, despois de tela ambicionado tanto tempo. ¡Ai!, os secretos motivos dos sentimentos da señorita Gamard con respecto a el debíanlle ser eternamente descoñecidos, non porque fosen difíciles de adiviñar, senón porque o pobre home carecía desa boa fe coa que as grandes almas e os pillabáns saben reaccionar e xulgarse eles mesmos. Só un home intelixente ou un intrigante

pensa: «Fixen mal». O interese e o talento son os únicos conselleiros minuciosos e lúcidos. Agora ben, o padre Birotteau, a bondade do cal chegaba á estupidez e a instrución do cal non estaba, dalgunha maneira, consolidada máis que a forza de traballo, que non tiña ningunha experiencia do mundo nin dos seus costumes e que vivía entre a misa e o confesionario, enteiramente ocupado en decidir sobre os máis lixeiros casos de conciencia na súa calidade de confesor dos internados da vila e dalgunhas boas almas que o apreciaban, o padre Birotteau podía ser considerado como un neno grande, ó que a meirande parte das prácticas sociais lle eran completamente descoñecidas. Só que, o egoísmo natural a tódalas criaturas humanas, reforzado polo egoísmo especial dos cegos e polo da vida estreita que se leva en provincias, desenvolvérase insensiblemente nel, sen que se dese conta. Se alguén tivera interese abondo para rebuscar na alma do vigairo e demostrarlle que, nos máis ínfimos detalles da súa existencia e nos mínimos deberes da súa vida privada, carecía esencialmente desa abnegación que cría posuír, castigaríase a si mesmo e mortificaríase de boa fe. Pero aqueles a quen ofendemos, mesmo sen o sospeitar, teñen pouco en conta a nosa inocencia, queren e saben vingarse. Polo tanto Birotteau, por débil que fose, tivo que someterse ós efectos desa gran Xustiza distributiva que lle vai encargando ó mundo que execute as súas ordes, chamadas por algúns necios *as desgracias da vida*.

Había unha diferenza entre o defunto abade Chapeloud e o vigairo: un era un egoísta hábil e espiritual e o outro un franco e torpe egoísta. Cando o abade Chapeloud foi vivir para a casa da señorita Gamard, soubo vulgar perfectamente o carácter da súa patroa. O confesionario ensinálle a coñecer toda a amargura que pon no corazón dunha solteirona a desgracia de se atopar fóra da sociedade, así que calculou sabiamente a súa conducta coa señorita Gamard. A anfitriona, que daquela só tiña trinta e oito anos, aínda conservaba algunhas pretensións que, entre esas discretas persoas, se transforman máis tarde nunha alta estima de si mesmas. O cóengo comprendeu que para vivir de boas coa señorita Gamard, tiña que concederlle sempre as mesmas atencións e os mesmos coidados, ser máis infalible có papa. Para obter ese resultado, non deixou establecer, entre ela e el, máis cóns puntos de contacto estrictamente ordenados pola boa educación e os que existen necesariamente entre persoas que viven baixo o mesmo teito. De modo que, aínda que o abade Troubert e mais el fixesen regularmente tres comidas por día, el abstivérase de compartilo almorzo común, acostumando á señorita Gamard a enviarlle á cama unha cunca de café con leite. Despois, evitara as molestias da cea tomando tódalas tardes o té nas casas onde ía pasa-la velada. De maneira que raramente vía a súa anfitriona noutro momento que non fose o do xantar; pero sempre chegaba uns instantes antes da hora fixada. Nesta especie de visita de cortesía, durante os doce anos que pasara baixo o seu teito, dirixíalle as mesmas preguntas, obtendo dela as mesmas respostas. Como durmira a señorita aquela noite, como fora o seu almorzo, os pequenos acontecementos domésticos, o aspecto da súa cara, a hixiene da súa persoa, o tempo que ía, a duración dos oficios relixiosos, os incidentes da misa, en fin a saúde de tal ou cal sacerdote representaban tódolos temas daquela conversa periódica. No xantar, procedía sempre por gabanzas indirectas, indo sen cesar da calidade dun peixe, do bo gusto dos condimentos ou das calidades dun prebe ás calidades da señorita Gamard e as súas virtudes como ama de casa. Estaba seguro de acariciar tódalas vaidades da solteirona eloxiando a arte coa que estaban feitas ou preparadas as súas marmeladas, os seus cogombros en vinagre, as súas conservas, os seus patés e outros inventos gastronómicos. Por último, o astuto cóengo xamais saía do salón amarelo da súa anfitriona, sen dicir que en ningunha casa de Tours se tomaba un café tan bo coma o que acababa de saborear. Gracias a esa perfecta comprensión do carácter da señorita Gamard e a esa ciencia da existencia profesada durante doce anos polo cóengo, nunca houbo entre eles ocasión de discuti-lo máis mínimo punto de disciplina interna. O abade Chapeloud recoñecera primeiro os ángulos, as asperezas e a acrimonia daquela solteirona e regulara as tanxentes inevitables entre as súas persoas para acadar dela tódalas concesións necesarias ó benestar e á tranquilidade da súa vida. De modo que a señorita Gamard dicía que o abade Chapeloud era un home moi amable co que era extremadamente doado convivir e moi intelixente. En canto ó abade Troubert, a devota non dicía nada en absoluto. Entrara no movemento da súa vida coma un satélite na órbita do seu planeta e, para ela, era unha especie de criatura intermedia entre os individuos da especie humana e os da especie canina; Troubert atopábase clasificado no seu corazón inmediatamente antes do lugar destinado ós amigos e o que ocupaba un groso can pachorrento que amaba tenramente; gobernábao de fío a fondo e a promiscuidade dos seus intereses chegou a ser tan grande que moitas persoas, entre as amigas da señorita Gamard, pensaban que o abade lle botara o ollo á fortuna da solteirona, que a atraía insensiblemente cunha continua paciencia e que a conducía tanto mellor canto que parecía obedecela, sen deixar transparente-lo menor desexo de dirixila. Cando morreu o abade Chapeloud, a solteirona, que quería un inquilino tranquilo, pensou, naturalmente, no vigairo. O testamento do cóengo aínda non se coñecía e xa a señorita Gamard cavilaba en darlle o aloxamento do defunto ó seu bo padre Troubert, que atopaba moi mal acomodado na planta baixa. Pero cando o abade Birotteau veu establecer con ela as condicións do contrato privado da súa pensión, viuño tan interesado por aquel apartamento polo que alimentara durante tanto tempo uns desexos con violencia que podía ser agora confesada, que non se atreveu a propoñerlle un cambio e fixo cede-lo afecto ás esixencias do interese. Para consolar ó benquerido cóengo, a señorita substituíu os anchos ladrillos brancos de Château-Régnauld que formaban o piso do apartamento por un

parqué de punto de Hungría e reconstruíulle unha cheminea que afumaba.

O abade Birotteau visitara durante doce anos ó seu amigo Chapeloud, sen ocorréselle xamais indagar de onde procedía a extrema circunspección das súas relacións coa señorita Gamard. Cando se trasladou á casa daquela santa muller, encontrábase na situación dun amante satisfeito. Mesmo se non fose xa naturalmente cego de intelixencia, os seus ollos estaban demasiado cegados pola felicidade como para que lle fose posible vulgar á señorita Gamard e reflexionar sobre a maneira de establece-las súas relacións cotiás con ela. A señorita Gamard, vista de lonxe e a través do prisma do benestar material que o vigairo soñaba con saborear xunto a ela, parecíalle unha criatura perfecta, unha cristiá excelente, unha persoa esencialmente caritativa, a muller do Evanxeo, a virxe sabia, ornada desas virtudes humildes e modestas que expanden pola vida un celeste perfume. De xeito que, con todo o entusiasmo dun home que acada un obxectivo longamente desexado, co candor dun neno e o necio atordamento dun vello sen experiencia mundana, entrou na vida da señorita Gamard, coma unha mosca que se prende nunha tea de araña. Así, o primeiro día que foi comer e durmir á casa da solteirona, viuse retido no seu salón tanto polo desexo de coñecela coma por esa inexplicable confusión que se apodera a miúdo da xente tímida e lles fai crer que son descortesés se interrompen unha conversa para marchar. Pasou alí toda a tarde. Á noite veu outra solteirona amiga de Birotteau, a señorita Salomon de Villenoix. Entón a señorita Gamard tivo a satisfacción de organizar na súa casa unha partida de boston. O vigairo, ó deitarse, pensou que pasara unha moi agradable velada. Como aínda non coñecía máis que lixeiramente á señorita Gamard e ó abade Troubert, só albiscou superficialmente os seus caracteres. Poucas persoas mostran de entrada os seus defectos nus. Xeralmente, cada un trata de mostra-lo seu lado atraínte. De modo que Birotteau concibiu o encantador proxecto de consagra-los seráns á señorita Gamard, en vez de ilos pasar fóra. A anfitrióna concibira, dende había algúns anos, un desexo que se reproducía día a día, cada vez máis forte. Ese desexo, que crean os vellos e mesmo as mulleres bonitas, transformábase para ela nunha paixón semellante á de Birotteau polo apartamento do seu amigo Chapeloud, e mantíñase no corazón da solteirona cos sentimentos de orgullo e de egoísmo, de ansia e de vaidade que preexisten entre as xentes de mundo. É a historia de sempre: basta con ampliar un pouco o círculo estreito no que van actua-los personaxes para encontra-la razón proporcional dos acontecementos que ocorren nas esferas máis altas da sociedade. A señorita Gamard pasaba alternativamente as tardes en seis ou oito casas diferentes. Sexa porque lamentaba verse obrigada a ir buscar compañía e se crese no dereito, á súa idade, de esixir algunha correspondencia, sexa porque o seu amor propio se sentise mancado por non ter un círculo propio, sexa, en fin, porque a súa vaidade ambicionase os cumpridos e as vantaxes que lles vía saborear ás súas amigas, toda a súa ambición era facer do seu salón un punto de reunión cara ó cal se dirixisen *encantadas* cada tarde un certo número de persoas. Despois de que Birotteau e a súa amiga, a señorita Salomon, pasaran algunhas veladas na súa casa, na compañía do fiel e paciente abade Troubert, unha tarde ó saír de Saint-Gatien, a señorita Gamard díxolle ás boas amigas, das que se consideraba coma unha escrava ata entón, que as persoas que a quixesen visitar podían vir unha vez por semana á súa casa, onde reunía un número de amigos suficientes para xogar unha partida de boston, que ela non debía deixar só o padre Birotteau, o seu novo hóspede, que a señorita Salomon aínda non faltara unha soa tarde na semana, que ela se debía ós seus amigos e que... e que... etc., etc. As súas palabras foron humildemente altivas e excesivamente doces, porque a señorita Salomon de Villenoix pertencía á sociedade máis aristocrática de Tours. Se ben a señorita Salomon só viña por amizade polo vigairo, a señorita Gamard triunfaba contando con ela no seu salón e viuse, gracias ó padre Birotteau, a punto de logra-lo seu gran desexo de formar un círculo que chegase a ser tan numeroso e tan agradable como eran os da señora de Listomère, da señorita Merlin de la Blottière e outras beatas que recibían á sociedade piadosa de Tours. Pero, ¡ai!, o abade Birotteau fixo aborta-las esperanzas da señorita Gamard. Agora ben, se todos aqueles que na súa vida lograron gozar dunha felicidade longo tempo desexada comprenderon a ledicia que puido senti-lo vigairo deitándose no leito de Chapeloud, tamén deberán ter unha lixeira idea do desgusto que sentiu a señorita Gamard coa ruína do seu plano favorito. Tras aceptar por seis meses a súa fortuna bastante pacientemente, Birotteau desertou da vivenda, levando canda el a señorita Salomon. Malia os seus inauditos esforzos, a ambiciosa Gamard mal conseguira cinco ou seis persoas, sendo a súa asiduidade moi problemática e facían falta, polo menos, catro persoas fieis para organizar unha partida de boston. Así que se viu obrigada a rectificar e a regresar á casa de antigas amigas, pois as solteironas encóntranse en bastante mala compañía consigo mesmas como para non busca-las distraccións equívocas da sociedade. A causa desta deserción é boa de entender. Aínda que o vigairo fose unha desas persoas ás que debe pertencer un día o paraíso en virtude da sentenza: *Benaventurados os pobres de espírito*, non podía, coma moitos idiotas, soporta-lo aburrimiento que lle causaban outros idiotas. As persoas curtas de intelixencia asemellan ás malas herbas, que gozan coas boas terras e canto máis se aburren eles mesmos máis lles gusta que os outros os divirtan. A encarnación do aburrimiento do que son vítimas, unida á necesidade que senten de divorciarse perpetuamente de si mesmos, produce esa paixón polo movemento, esa necesidade, que os distingue, de estar sempre alí onde non están, igual que os seres desprovistos de sensibilidade e aqueles dos que se frustra o destino ou que sofren pola súa culpa. Sen afondar demasiado no baleiro, na nulidade da señorita Gamard e sen explicarse o limitado das súas ideas, o

pobre abade Birotteau deuse conta, un pouco tarde para a súa desgracia, dos defectos que ela compartía con tódalas solteironas e dos que lle eran específicos. O mal, nos outros, triunfa tan vigorosamente sobre o ben que sempre nos chama a atención antes de ferimos. Este fenómeno moral xustificaría, se houbera necesidade, a pendente que nos leva máis ou menos cara á maledicencia. É tan natural, socialmente falando, burlarse das imperfeccións dos demais, que deberíamos perdoar-la charla burlona que as nosas ridículas autorizan e non asombrarnos máis que da calumnia. Pero os ollos do bo do vigairo nunca estaban nese punto óptico que lles permite ás xentes de mundo ver e evitar con prontitude as asperezas do veciño; así que para recoñecer-los defectos da súa anfitrióna viuse obrigado a sufrir-las advertencias que dá a natureza a tódalas súas criaturas: ¡a dor! As solteironas, como non tiveron que dobrega-lo seu carácter e a súa vida a outra vida e a outros caracteres, así como o esixe o destino da muller, teñen, a maioría delas, a manía de querer dobregar a tódolos que están ó seu redor. Na señorita Gamard este sentimento dexeneraba en despotismo; pero este despotismo só se podía exercer en pequenas cousas. Así, entre mil exemplos, o cesto das fichas e das chapas pousado na mesa de xogo para o padre Birotteau, debía permanecer no lugar no que ela o puxera; e o abade contrariábase enormemente movéndoo de alí, cousa que ocorría case tódalas tardes. ¿De onde procedía esa susceptibilidade estupidamente causada por miudezas e cal era o seu obxectivo? Ninguén o podería dicir, a señorita Gamard non o sabía nin ela mesma. Aínda que un algo carneirán por natureza, ó novo hóspede tampouco lle gustaba máis ca ás ovellas sentir moi a miúdo a variña, sobre todo se tiña aguillón. Sen se explica-la grande paciencia do abade Troubert, Birotteau quixo subtraerse ó benestar que a señorita Gamard lle pretendía condimentar ó seu xeito, pois ela cría que co benestar pasaba coma coas súas marmeladas; pero o infeliz actuou de maneira bastante torpe, dada a inxenuidade do seu carácter. Esta separación tivo lugar non sen unha chea de tiróns e picadas, ós que o abade Birotteau se esforzou por non se mostrar sensible.

Cando expirou o seu primeiro ano baixo o teito da señorita Gamard, o vigairo recuperara tódolos seus antigos costumes e ía pasar dúas tardes á semana na casa da señora de Listomère, tres na da señorita Salomon, e as outras dúas na da señorita Merlin de la Blottière. Esas persoas pertencían á parte aristocrática da sociedade de Tours, onde a señorita Gamard non era admitida. Así que a anfitrióna sentiuse vivamente aldraxada polo abandono do abade Birotteau, que lle facía sentir-lo seu escaso valor: toda especie de elección implica un desprezo polo obxecto rexeitado.

—O señor Birotteau non nos encontrou agradables abondo —dixo o abade Troubert ás amigas da señorita Gamard cando esta se viu obrigada a renunciar ás reunións na súa casa—. ¡É un home intelixente, un sibarita! Necesita xente de elevada categoría, luxo, conversacións enxeñosas, os ruxerruxe da vila.

Estas palabras levaban sempre á señorita Gamard a xustificar-la superioridade do carácter del sobre o de Birotteau.

—Non lle é tan intelixente —dicía ela—. Se non fose polo abade Chapeloud nunca o recibirían na casa da señora de Listomère. ¡Ai!, que perda, a do abade Chapeloud. ¡Que home amable e de fácil convivencia! En fin, durante doce anos nunca tiven a menor dificultade nin o menor desgusto con el.

A señorita Gamard fixo un retrato do padre Birotteau tan pouco afagador que o inocente hóspede colleu sona entre aquela sociedade burguesa, secretamente inimiga da sociedade aristocrática, de home esencialmente problemático e de ardua convivencia. Despois, a solteirona, tivo durante algunhas semanas, o pracer de oír como as súas amigas se compadecían dela, amigas que sen pensar unha palabra do que dicían, non cesaban de repetirlle :

—¿E como vostede, tan doce e tan boa, lle puido inspirar repugnancia...?

Ou:

—Consólese, querida señorita Gamard, a vostede coñecémola tan ben que... etc.

Pero, encantadas de evitar unha tarde por semana no Claustro, o lugar máis deserto, máis sombrío e máis afastado que hai en Tours, todas elas bendicían ó vigairo.

Entre persoas que están en contacto continuo, o odio e o amor non paran de medrar; en todo momento se encontran razóns para amarse ou odiarse máis. Así, o abade Birotteau chegou a ser insoportable para a señorita Gamard. Dezaioito meses despois de adoptalo na súa pensión, cando o bo do home cría ve-la paz da satisfacción no silencio do odio e se felicitaba de ter sabido *entenderse tan ben* coa solteirona, por utiliza-

la súa expresión, foi obxecto dunha xorda persecución e dunha vinganza friamente calculada. As catro circunstancias capitais da porta pechada, das zapatillas esquecidas, da falta de lume, do candeeiro no seu cuarto, podían por si soas revelarlle esa terrible inimidade da que as últimas consecuencias só o fan golpear cando fosen irreparables. Mentres conciliaba o sono, o bo do vigairo espremía, aínda que inutilmente, os miolos pero non se daba explicado a conducta singularmente descortés da señorita Gamard. En efecto, despois de ter actuado con toda lóxica noutrora, obedecendo ás leis naturais do seu egoísmo, éralle imposible adiviña-los seus erros con respecto á súa patroa. Se as grandes cousas son simples de comprender e doadas de expresar, as miudezas da vida cotiá queren moitos detalles. Os acontecementos que constitúen, por así dicir, o proscenio deste drama burgués, pero no que as paixóns resultan ser tan violentas coma se fosen exacerbadas por grandes intereses, esixían esta longa introducción e sería difícil para un historiador exacto capta-lo seu minucioso desenvolvemento.

Ó día seguinte, ó acordar, Birotteau pensou con tal intensidade no seu canonicato, que non se lembrou máis das catro circunstancias nas que albiscara, a véspera, os sinistros prognósticos dun futuro cheo de desgracias. O vigairo non era un home que se erguese sen o seu lume, chamou para avisar a Marianne de que xa espertara, para que acudise onda el; despois, quedou, coma de costume, mergullado nunha somnolencia meditativa durante a cal a criada, mentres lle acendía a cheminea a adoitaba sacalo docemente daquel último sono cos rumores das súas interpelacións e das súas idas e vindas, especie de música que lle agradaba. Pasou media hora sen que Marianne aparecese. O vigairo, cóengo a medias, ía chamar de novo, pero soltou o cordón do timbre cando oíu un ruído de pasos de home na escaleira. En efecto, o padre Troubert, despois de petar discretamente á porta, entrou, a invitación de Birotteau. Esta visita, que os dous abades se facían con bastante regularidade un ó outro unha vez por mes, non sorprendeu ó vigairo. Ó entrar, o cóengo asombrouse de que Marianne aínda non tivese acendido o lume do seu case colega. Abriu unha fiestra, chamou con rudeza por Marianne, díxolle que viñese onda Birotteau; despois, virando cara ó seu irmán, dixo:

—Se a señorita soubese que Marianne aínda non lle acendeu o lume, habíalle rifar.

Tras estas palabras, interesouse pola saúde de Birotteau e preguntoulle, cun ton doce, se tiña algunhas noticias recentes que lle fixesen esperar ser nomeado cóengo. O vigairo explicoulle as súas xestións e díxolle inxenuamente quen eran as persoas coas que trataba a señora de Listomère, ignorando que Troubert nunca lle perdoara a aquela dama que non o recibise na súa casa, a el, o padre Troubert, xa por dúas veces designado vigairo xeral da diocese.

Imposible atopar dúas figuras que ofrecesen os contrastes que presentaban as daqueles dous sacerdotes. Troubert, alto e seco, tiña o cute amarelo e bilioso, mentres que o vigairo era o que se chama familiarmente regordecho. Redonda e colorada, a faciana de Birotteau mostraba unha bonhomía sen ideas; mentres que a de Troubert, longa e sucada por profundas engurras, contraíase en certos momentos cunha expresión chea de ironía ou de desdén: pero, con todo, había que examinala con atención para descubrir eses dous sentimentos. O cóengo permanecía habitualmente en perfecta calma, mantendo as pálpebras case sempre baixas sobre dous ollos alaranxados cunha mirada que se tornaba ó seu capricho clara e penetrante. Uns cabelos roxos completaban aquela sombría fisionomía, escurecida sen cesar polo veo que botaban sobre os seus riscos graves meditacións. Moitas persoas puideran crelo, ó principio, absorto nunha alta e profunda ambición; pero as que pretendían coñecerlo mellor terminaran por destruír esta opinión mostrándoo aparvado polo despotismo da señorita Gamard ou fatigado por longos xaxúns. Raramente falaba e non ría xamais. Cando lle acontecía resultar agradablemente impresionado por algo, escapáballe un feble sorriso que se perdía entre os pregues da súa cara. Birotteau, pola contra, era todo expansión, todo franqueza, gustábanlle os bos bocados, divertíase con calquera bagatela, coa simplicidade dun home sen fel nin malicia. O abade Troubert, a primeira vista, causaba un sentimento de terror involuntario, mentres que o vigairo provocaba un sorriso doce. Cando o alto cóengo andaba, con paso solemne, a través das arcadas e das naves de Saint-Gatien, coa fronte baixa e a ollada severa, impoñía respecto: a súa silueta arqueada harmonizaba coas bóvedas amarelas da Catedral, os pregues da súa sotana tiñan algo de monumental, digno da estatutaria. Pero o bo do vigairo circulaba por alí sen gravidade, trotaba, choutaba, parecía rodar sobre si mesmo. Aqueles dous homes, sen embargo, tiñan un parecido. Así como o aire ambicioso de Troubert, dando lugar a temelo, contribuíra quizás a condenalo ó insignificante papel de simple cóengo, o carácter e o aspecto de Birotteau parecían destinalo a ser eternamente vigairo da Catedral. Nembargantes o abade Troubert, chegado á idade de cincuenta anos, pola medida da súa conducta, pola aparencia dunha falta total de ambición e pola súa santa vida, disipara tódolos temores que a súa sospeitada capacidade e o seu terrible aspecto exterior inspiraran ós seus superiores. Dado que incluso a súa saúde se alterara gravemente dende había un ano, parecía probable o seu próximo ascenso á vigairía xeral do Arcebispado. Os seus mesmos competidores desexaban o seu nomeamento, a fin de poder prepara-lo propio durante os poucos días que lle serían concedidos por unha enfermidade xa crónica. Lonxe de ofrece-las mesmas esperanzas, a triple

papada de Birotteau presentaba ós competidores que lle disputaban o canonicato os síntomas dunha saúde florecente e a súa gota parecía ser, segundo o proverbio, un seguro de lonxevidade. O abade Chapeloud, home de gran sabedoría e dunha amabilidade que o fixera apreciar por moita xente distinguida e polos diferentes xefes da metrópole, sempre se opuxera, se ben secretamente e con moita intelixencia, ó ascenso do abade Troubert; mesmo lle impedira habilmente o acceso a tódolos salóns nos que se reunía a mellor sociedade de Tours, aínda que durante a súa vida Troubert o tratara sempre con gran respecto, testemuñándolle en toda ocasión a máis alta deferencia. Esta constante submisión non lograra cambiar en nada a opinión do defunto cóengo que, durante o seu derradeiro paseo, aínda lle dicía a Birotteau:

—¡Non se fie dese pao teso de Troubert! É Sixto V⁴ reducido ás proporcións do Bispedo.

Tal era o amigo, o comensal da señorita Gamard que, ó día seguinte de que ela lle declarase, por así dicir, a guerra ó pobre Birotteau, viña visitalo e darlle mostras da súa amizade.

—Hai que lle perdoar a Marianne —dixo o cóengo ó vela entrar—. Creo que comezou por vir ó meu cuarto. As miñas dependencias son moi húmidas e esta noite tusín moito. Vostede ten unha estancia moi sa aquí —engadiu, mirando para as cornixas.

—¡Oh! eu estou aquí coma un cóengo —respondeu Birotteau, sorrindo.

—E eu coma un vigairo —replicou o humilde sacerdote.

—Si, pero vostede axiña ha ir vivir no Arcebispado —dixo o bo do cura, que quería que todo o mundo fose feliz.

—¡Ai!, ou no cemiterio. Pero, que se faga a vontade de Deus. —E Troubert alzou os ollos ó ceo nun xesto de resignación—. Eu viña —engadiu— pregarlle que me prestase o rexistro dos beneficios do Bispedo. Só vostede, en todo Tours, ten esa obra.

—Cóllao aí na miña biblioteca —respondeu Birotteau, ó que a última frase do cóengo recordoulle tódalas vantaxes da súa vida.

O alto cóengo pasou á biblioteca e permaneceu alí o tempo que o vigairo botou en vestirse. Pronto se sentiu a campá do almorzo e o gotoso, crendo que sen a visita de Troubert non tería lume para erguerse, pensou: «¡É un bo home!»

Os dous sacerdotes descenderon xuntos, armados de cadanseu enorme infolio, que pousaron nunha das consolas do comedor.

—¿Que é isto? —preguntou con voz agre a señorita Gamard, dirixíndose a Birotteau—. Espero que non me ateiguen o comedor cos seus libros.

—Son uns libros que necesito —respondeu o padre Troubert—, o señor vigairo tivo a amabilidade de prestarmos.

—Tiña que telo adiviñado —dixo ela, deixando escapar un sorriso desdeñoso—. O señor Birotteau non le moito neses grosos libros.

—¿Como se encontra vostede, señorita? —repuxo o hóspede cunha voz afrautada.

—Pois, non moi ben —respondeu ela secamente—. Vostede é a causa de que acordara onte durante o primeiro sono e xa me estragou a noite.

Ó sentar, a señorita Gamard engadiu:

—Señores, o leite arrefría.

Estupefacto ó recibir unha acollida tan aceda por parte da anfitrióna cando el esperaba as súas desculpas,

pero atemorizado, coma tódalas xentes tímidas, ante a perspectiva dunha discusión, sobre todo cando eles son o obxecto da mesma, o pobre vigairo sentou en silencio. Despois recoñecendo no rostro da señorita Gamard os síntomas dun aparente mal humor, permaneceu en constante guerra coa súa razón, que lle ordenaba non sufrir pola falta de atencións da patroa, mentres que o seu carácter o levaba a evitar unha querela. Presa desa angustia interior, Birotteau comezou por examinar seriamente as grandes liñas verdes pintadas no groso hule que, por un costume inmemorial, a señorita Gamard poñía na mesa para o almorzo, sen se preocupar dos bordos gastados nin das numerosas cicatrices daquel mantel. Os dous hóspedes atopábanse instalados en cadansúa cadeira de cana, un fronte o outro, a cada extremo daquela mesa rexiamente cadrada, o centro da cal estaba ocupado pola patroa que a dominaba desde a súa cadeira elevada, provista de coxíns e pegada á estufa do comedor. Esta sala e o salón común estaban situados na planta baixa, debaixo do cuarto e do salón do abade Birotteau. Cando o vigairo recibiu da señorita Gamard a súa cunca de café con azucre quedou xeadou polo profundo silencio no que ía cumprilo acto habitualmente tan ledo do seu almorzo. Non se atrevía a mirar nin a cara árida de Troubert nin o rostro ameazador da solteirona e volveuse cara un dogo grande e gordo que, deitado nun coxín preto da estufa, non se movía nunca e tiña sempre á súa esquerda un pratiño cheo de lambetadas e á súa dereita unha cunca chea de auga clara.

—¿E logo, bonito, seica agardas polo teu café?

Este personaxe, un dos máis importantes da casa, pero pouco molesto porque xa non ladraba e deixáballe a palabra á súa ama, alzou cara a Birotteau uns ollíños perdidos baixo os pregues formados na súa cara pola graxa, despois pechounos retranqueiro. Para comprende-lo sufrimento do pobre vigairo cómpre dicir que, dotado dunha locuacidade oca e sonora coma o estrondo dun globo, pretendía, sen ter xamais podido darlles unha soa razón da súa opinión ós médicos, que as palabras favorecían a dixestión. A señorita, que compartía esta doutrina hixiénica, aínda non deixara, malia o seu mal entendemento mutuo, de falar durante as comidas; pero, xa había varias mañás que o vigairo gastara inutilmente a súa intelixencia en facerlle preguntas insidiosas para conseguir que soltase a lingua. Se os límites estreitos nos que se encerra esta historia permitisen dar conta dunha soa desas conversas que excitaban case sempre o sorriso amargo e sardónico do abade Troubert, esta ofreceríanos unha pintura fiel da vida simplona dos provincianos. Algunha xente intelixente escoitaría se cadra con pracer, as estrañas explicacións que o abade Birotteau e a señorita Gamard daban sobre as súas opinións con respecto á política, a relixión e a literatura. Certamente habería algo cómico en expoñer ou as razóns que tiñan os dous de dubidar seriamente, en 1826⁵, da morte de Napoleón, ou as conxecturas que lles facían crer na existencia de Luís XVII, salvado dentro dunha barrica⁶. ¿Quen non había rir ó oírles establecer, por razóns ben evidentemente deles dous, que o rei de Francia dispoñía el só de tódolos impostos, que as Cámaras foran reunidas para destruí-lo clero, que morreran máis de un millón trescentas mil persoas no cadafalso durante a Revolución? Despois falaban da Prensa sen coñece-lo número de xornais, sen te-la máis mínima idea do que era ese instrumento moderno. En fin, o señor Birotteau escoitaba atentamente á señorita Gamard cando dicía que un home alimentado cun ovo cada mañá debía morrer infaliblemente á fin do ano, e que xa se dera o caso; que un boliño de pantrigo, comido sen beber durante varios días, curaba a ciática; que tódolos obreiros que traballaran na demolición da abadía de Saint-Martin morreran no espazo de seis meses; que certo prefecto fixera todo o que puidera, baixo Bonaparte, por arruina-las torres de Saint-Gatien; e mil outros contos absurdos.

Pero naquel momento Birotteau sentía a lingua morta, así que se resignou a comer sen establecer conversación. Axiña atopou aquel silencio perigoso para o seu estómago e dixo, ousado:

—¡Que café tan excelente!

Ese acto de valentía foi completamente inútil. Tras mirar ó ceo polo pequeno espazo que separaba os dous arcobotantes negros de Saint-Gatien sobre o xardín, o vigairo aínda tivo o valor de dicir:

—Hoxe vai facer mellor día ca onte...

A estas palabras a señorita Gamard contentouse con bota-la máis graciosa das miradas ó padre Troubert e volveu uns ollos cargados de terrible severidade cara a Birotteau, que por sorte baixara os seus.

Ningunha criatura do xénero feminino podía representar mellor cá señorita Gamard a natureza elexíaca da solteirona; pero para pintar con exactitude un ser con carácter que presta un inmenso interese ós pequenos acontecementos deste drama e á vida anterior dos personaxes que son os seus actores, quizá sexa necesario resumir aquí as ideas que teñen a súa expresión nas solteironas: a vida habitual forma a alma, a

alma forma a fisionomía. Se todo, na sociedade coma no mundo, debe ter un obxectivo, hai certamente aquí abaixo algunhas existencias das que o obxectivo e utilidade son inexplicables. A moral e maila economía política rexeitan igualmente o individuo que consume sen producir, que ocupa un lugar sobre a terra sen espallar arredor del nin o ben nin o mal: pois o mal é sen dúbida un ben do que os resultados non se manifestan inmediatamente. É raro que as solteironas non se coloquen elas mesmas nesa clase de seres improductivos. Agora ben, se a conciencia do seu traballo lle dá ó ser activo un sentimento de satisfacción que lle axuda a soporta-la vida, a certeza de ser unha carga, ou un inútil, debe produci-lo efecto contrario e inspirarlle ó ser inerte o desprezo por si mesmo que provoca nos outros. Esta dura reprobación social é unha das causas que, sen que as solteironas sexan conscientes, contribúen a poñer nas almas destas a dor que expresan os seus rostros. Un prexuízo que ten quizá algo de verdade, provoca constantemente por todas partes, e en Francia aínda máis que noutros lados, un gran rexeitamento sobre a muller coa que ninguén quixo compartí-los seus bens nin soporta-los males da vida. Ora, chega para as mulleres solteiras unha idade na que o mundo, con razón ou sen ela, as condena co desdén do que son vítimas. Non sendo agraciadas, a bondade do seu carácter debería compensa-las imperfeccións da natureza; sendo bonitas, a súa desgracia debeu fundarse en causas graves. Non se sabe cales, se unhas ou as outras, son máis dignas de rexeitamento. Se o seu celibato foi razoado, se é un desexo de independencia, nin os homes, nin as nais lles perdoarán ter faltado á abnegación da muller, negándose as paixóns que fan o seu sexo tan conmovedor: renunciar ás súas dores é abdicar da poesía e non merecer xa o doce consolo ó que unha nai ten sempre o indiscutible dereito. Ademais, os sentimentos xenerosos, as calidades exquisitas da muller só se desenvolven co seu constante exercicio, permanecendo solteira, unha criatura do sexo feminino non é máis que un absurdo: egoísta e fría, horroriza. Este decreto implacable desgraciadamente é demasiado xusto como para que as solteironas ignoren os motivos. Esas ideas xerminan no seu corazón con tanta naturalidade como os efectos da súa triste vida se reproducen nas súas faccións. Así que se murchan, porque a distracción constante ou a felicidade, que fai florece-la cara das mulleres e lles dá esa suavidade de movementos, nunca existiu nelas. Logo, vólvense acedadas e tristes xa que un ser que non realizou a súa vocación é desgraciado; sofre, e o sufrimento xera a maldade. En efecto, antes de reprocharse a si mesma o seu illamento, unha muller solteira acusa por longo tempo ós demais. Da acusación ó desexo de vinganza non hai máis que un paso. Por último, a falta de gracia das súas persoas é un resultado máis das súas vidas. Non tendo sentido nunca a necesidade de gustar, a elegancia e o bo gusto sonlles alleos. Non se ven máis que elas en si mesmas. Este sentimento lévaas, insensiblemente, a escoller entre as cousas que lles son cómodas en detrimento das que lles poden ser agradables ós demais. Sen se decataren ben da súa diferenza coas outras mulleres, terminan por vela e por sufrir. Os celos son un sentimento indeleble nos corazóns femininos. As solteironas son celosas no baleiro, e non coñecen máis que a infelicidade da única paixón que os homes lle perdoan ó belo sexo, porque os afaga. Así, torturadas en tódalas súas ansias, obrigadas a negarse ó desenvolvemento da súa natureza, experimentan sempre un malestar interior ó que non se habitúan nunca. ¿Non é duro, a calquera idade, sobre todo para unha muller, ler en tódalas caras un sentimento de repulsión, cando está no seu destino non espertar arredor delas, nos corazóns, máis que sensacións agradables? Por iso, unha solteirona sempre mira de esguello, menos por modestia que por medo e vergonza. Eses seres non lle perdoan á sociedade a súa falsa posición, porque non se perdoan a si mesmos. Agora ben, a unha persoa élle imposible estar perpetuamente en guerra con ela mesma, ou en contradicción coa vida, deixar ós outros en paz e non envexa-la súa felicidade. Este mundo de ideas tristes aparecía todo enteiro nos ollos grises e apagados da señorita Gamard; e o amplo círculo negro que os bordeaba acusaba os longos combates da súa vida solitaria. Tódalas engurras do seu rostro eran rectas. A armazón da fronte, da cabeza e das meixelas tiña as características da rixidez e da sequidade. Deixaba medrar sen coidado ningún os pelos, noutroa castaños, espaxados polo queixelo. Os seus delgados labios a penas lle cubrían os dentes demasiado longos, non exentos de brancura. Era morena e o seu cabelo, noutro tempo negro, branqueara por culpa de horribles xaquecas. Este accidente obrigábaa a levar un postizo; pero como non o sabía colocar de xeito que lle disimulase o nacemento, case sempre aparecían lixeiros intersticios entre o bordo do gorro e o cordón negro que sostíña aquela media perruca bastante mal amañada. O vestido, de tafetá no verán, de la no inverno, pero sempre de cor carmelita, apertáballe un algo de máis o talle sen gracia e os brazos fracos. A gorgueira, sempre repregada, deixaba ver un colo de pel vermella tan artisticamente raiada coma unha folla de carballo vista a contraluz. A súa orixe explicaba bastante ben as calamidades da súa configuración. Era filla dun madeireiro, unha especie de advido de orixe campesiña. Ós dezaioito anos se cadra fora fresca e gordecha pero xa non lle quedaban trazas nin da brancura de cute nin das bonitas cores que se gababa de que tivera. Os tons da súa carne contraeran a cor esbrancuxada bastante común nas beatas. O nariz aquilino era, de tódolos riscos da cara, o que máis contribuía a expresa-lo despotismo das súas ideas, igual que a forma plana da fronte traducía a súa estreiteza de ideas. Os seus movementos tiñan unha estraña brusquidade que excluía toda gracia; e só con vela saca-lo pano do bolso para asoarse ruidosamente, adiviñariáde-lo seu carácter e os seus costumes. De estatura bastante elevada, mantíñase moi dereita e xustificaba a observación dun naturalista que ten explicado fisicamente o xeito de andar de tódalas solteironas pretendendo que as súas xunturas se soldan. Camiñaba sen que o movemento se distribuíse por igual na súa persoa e producíse esas ondulacións tan graciosas e atraentes nas mulleres; ía, por así dicir, dunha soa peza, parecendo xurdir a cada paso, coma a

estatua do Comendador. Nos seus momentos de bo humor, daba a entender, como fan tódalas solteironas, que puidera casar, pero que por sorte advertira a tempo a mala fe do seu pretendente, e facíalle así, sen o saber, un proceso ó seu corazón en favor do seu espírito calculador.

Esta figura típica do xénero solteirona, quedaba moi ben enmarcada polas grotescas invencións dun papel vernizado que representaba paisaxes turcas e que adornaba as paredes do comedor. A señorita Gamard permanecía habitualmente naquela peza decorada con dúas consolas e un barómetro. No sitio de cada sacerdote atopábase un pequeno coxín de tapicería coas cores esvaecidas. O salón común onde recibía era digno dela. Pronto será coñecido facendo observar que se chamaba o Salón Amarelo: as tapicerías eran amarelas, os mobles e os tapices amarelos; sobre a cheminea ornamentada cun espello de marco dourado, uns candeeiros e un reloxo de cristal lanzaban ós ollos un lampexo duro. En canto ás estancias privadas da señorita Gamard, ninguén tivera permiso para entrar alí. Só se podía conxecturar que estaban cheas desas teas, deses mobles gastados, desa especie de farrapos dos que se rodean tódalas solteironas e que teñen en tanta estima.

Tal era a persoa destinada a exercer-la meirande influencia sobre os derradeiros días do abade Birotteau.

A falta de exercer, segundo o dictame da natureza, a actividade propia da muller e pola necesidade na que se vía de despregala, aquela muller transportáraa a mesquiñas intrigas, ás latricadas provincianas e ás combinacións egoístas nas que acaban por se entreter tódalas solteironas. Birotteau, para desgracia súa, producira en Sophie Gamard o único sentimento que lle fose posible experimentar a aquela pobre criatura, o do odio que, latente ata entón por mor da calma e da monotonía dunha vida provinciana cun horizonte máis limitado aínda para ela, debía adquirir maior intensidade sobre todo porque se ía exercer sobre pequenas cousas e nunha esfera reducida. Birotteau era unha desas persoas que están predestinadas a sufrir todo porque, non sabendo ver nada, non poden evitar nada: pásalles de todo.

—Si, vai vir bo tempo —respondeu despois dun momento o cóengo, que pareceu saír da súa meditación e querer practica-la lei da cortesía.

Birotteau, asustado polo lapso que pasara entre a pregunta e a resposta, pois por primeira vez na súa vida tomara o café sen falar, abandonou o comedor, onde o corazón se lle apertara coma nun puño. Sentido como a cunca de café lle pesaba no estómago, foi pasear tristemente polas pequenas avenidas estreitas, bordeadas de buxo que trazaban unha estrela no xardín. Pero ó virar, trala primeira volta, viu na porta do salón a señorita Gamard e o abade Troubert, alí plantados en silencio: el, cos brazos cruzados e inmóbil coma a estatua dunha tumba; ela, apoiada na porta de persiana. Mirábano e ámbolos dous parecían contalos seus pasos. Nada é máis molesto para unha criatura naturalmente tímida que ser obxecto dun exame curioso; pero se este se fai coa mirada do odio, a especie de sufrimento que causa tórnase un martirio intolerable. Axiña o abade Birotteau imaxinou que impedía pasear á señorita Gamard e mais ó cóengo. Esta idea, inspirada á vez polo temor e pola bondade, colleu tal forza que lle fixo abandonar-lo lugar. Marchou, sen pensar xa máis no seu canonicato, tan abstraído estaba pola desesperante tiranía da solteirona. Atopou, por casualidade e por sorte para el, moita ocupación en Saint-Gatien, onde houbo varios enterros, unha voda e dous bautismos. Puido, entón, esquece-las súas penas. Cando o estómago lle anunciou a hora de comer, sacou o seu reloxo non sen medo, e viu que xa pasaba das catro. Coñecía a puntualidade da señorita Gamard, así que se apresurou a volver á casa.

Albiscou na cociña os pratos do primeiro servizo, xa retirados. Logo, cando chegou ó comedor, a solteirona díxolle cun ton de voz no que se reflectían igualmente a acritude dun reproche e a ledicia de coller ó seu hóspede en falta:

—Son as catro e media, señor Birotteau. Ben sabe que non debemos esperar.

O vigairo mirou a esfera do reloxo do comedor e, pola maneira en que estaba colocada a envoltura de gasa destinada a evitalle o po, comprobou que a anfitriona lle dera corda pola mañá, compracéndose en adiantalo con respecto ó reloxo de Saint-Gatien. Non había obxección posible. A expresión verbal da sospeita concibida polo vigairo causaríaa máis terrible e a máis xustificada das elocuentes explosións que a señorita Gamard sabía, coma tódalas mulleres da súa clase, facer xurdir en semellante caso. As mil e unha contrariedades que unha criada pode facer sufrir ó seu amo, ou unha muller ó seu home nos hábitos privados da vida, foron intuídas pola señorita Gamard, para abafar ó seu hóspede. A maneira en que se deleitaba en urdi-las súas conspiracións contra o benestar doméstico do pobre cura levaba o selo do máis malicioso talento. Amañouse para que non parecese que se equivocaba nunca.

Oito días máis tarde do momento en que comeza este relato, a vida naquela casa e as relacións que o abade Birotteau tiña coa señorita Gamard reveláronlle unha trama urdida con seis meses de antelación. Mentres que a solteirona exercera a súa vinganza sixilosamente e que o vigairo puidera manterse voluntariamente no error, negándose a crer en maliciosas intencións, o mal moral progresara pouco nel. Pero desde o asunto do candeeiro no cuarto e do reloxo adiantado, Birotteau xa non podía dudar de que vivía baixo o imperio dun odio co ollo sempre aberto sobre el. Entón chegou rapidamente á desesperación, vendo, a todas horas, os dedos ganchudos e afiados da señorita Gamard listos para cravarse no seu corazón. A solteirona, feliz de vivir nun sentimento tan fértil en emocións como é o da vinganza, gozaba en planar, en pesar sobre o vigairo coma unha ave de presa plana e pesa sobre un rato antes de devoralo. Había moito que concibira un plano que o atordado sacerdote non podía adiviñar, e que non tardou en desenvolver, mostrando o xenio que saben despreñar nas pequenas cousas as persoas solitarias cunha alma que, incapaz de senti-la grandeza da verdadeira piedade, se lanza ás minucias da devoción. ¡Último pero horroroso agravamento da dor! A índole das súas contrariedades impedíalle a Birotteau, home expansivo ó que lle gustaba ser compadecido e consolado, o pequeno alivio de contarllelas ós seus amigos. O pouco tacto que lle debía á súa timidez facíalle temer face-lo ridículo ocupándose de semellantes parvadas. E sen embargo aquelas parvadas compoñían toda a súa existencia, a súa querida existencia chea de ocupacións no baleiro e de baleiro nas ocupacións; vida opaca e gris na que os sentimentos demasiado fortes eran desgracias, na que a ausencia de toda emoción representaba a felicidade. O paraíso do pobre sacerdote mudou así subitamente en inferno. Finalmente os seus sufrimentos fixéronse intolerables. O terror que lle causaba a perspectiva dunha explicación coa señorita Gamard foi medrando de día en día; e a infelicidade secreta que murchaba as horas da súa vellez, alteroulle a saúde. Unha mañá, ó poñe-las súas medias azuis bordadas, observou oito puntos soltos na circunferencia da mazá da perna. Estupefacto ante ese diagnóstico tan cruelmente irrecusable, resolveu facer unha tentativa cabo do abade Troubert para pedirle que interviñese oficiosamente entre a señorita Gamard e el.

Ó atoparse en presenza do imponente cóngo que, para recibilo nunha estancia núa, saíu pomposamente do gabinete cheo de papeis onde traballaba sen cesar e onde non penetraba ninguén, ó vigairo case lle deu vergoña falarlle das provocacións da señorita Gamard a un home que semellaba tan ocupado en cousas tan serias. Pero tras sufrir tódalas angustias desas deliberacións interiores que a xente humilde, indecisa ou débil sente mesmo por cousas sen importancia, decidiuse a explicarlle a súa posición ó abade Troubert, non sen senti-lo seu corazón acelerado por unhas extraordinarias palpitacións. O cóngo escoitou cun aspecto grave e frío, intentando, aínda que en van, reprimir certos sorrisos que quizá revelarían as emocións dunha alegría íntima a uns ollos máis intelixentes. Unha chama pareceu que escapaba das súas pálpebras cando Birotteau lle pintou, coa elocuencia que dan os sentimentos verdadeiros, a constante amargura que sufría; pero Troubert puxo a man sobre os ollos nun xesto bastante familiar ós pensadores, e mantivo a súa actitude de dignidade habitual. Cando o vigairo acabou de falar, custaríalle traballo buscar no rostro de Troubert, agora marcado por unhas manchas aínda máis amarelas das que presentaba ordinariamente a súa cor biliosa, algunha traza dos sentimentos que debía excitar naquel misterioso sacerdote. Despois de permanecer silencioso por un momento, o cóngo deu unha desas respostas nas que tódalas palabras debían ser moi estudiadas para que o seu alcance fose perfectamente mesurado, pero que, máis tarde, probaban ás xentes reflexivas a asombrosa profundidade da súa alma e o poderío da súa intelixencia. Por fin, deixou a Birotteau abafado dicíndolle que: esas cousas asombrábano, sobre todo porque el nunca se tería decatado sen a confesión do seu irmán; atribuía este defecto de intelixencia ás súas serias ocupacións, ós seus traballos, e á tiranía de certos pensamentos elevados que non lle permitían fixarse nos detalles da vida. Fíxolle observar, pero sen que parecese querer censura-la conducta dun home con idade e coñecementos que merecían o seu respecto, que «noutro os solitarios raramente pensaban na comida ou na vivenda, desde o fondo das súas tebaidas nas que se entregaban a santas contemplacións» e que hogano, o sacerdote podía, co pensamento, facerse por todas partes unha tebaida. Despois, volvendo a Birotteau, engadiu que esas discusións eran novas para el. Durante doce anos, nada semellante ocorrera entre a señorita Gamard e o venerable padre Chapeloud. En canto a el, sen dúbida, podía, engadiu, se-lo árbitro entre o vigairo e a súa anfitrióna, porque a súa amizade por ela non excedía os límites impostos polas leis da Igrexa ós seus fieis servidores; pero que entón a xustiza esixía que oíse tamén á señorita Gamard. Que, por outra parte, non encontraba nada cambiado nela, que sempre a vira así, que el se sometera voluntariamente a algúns dos seus caprichos, sabendo que aquela respectable señorita era a bondade e a dozura mesmas, que había que atribuí-los seus lixeiros cambios de humor ós sufrimentos causados por unha pulmonía da que ela non falaba, e á que se resignaba como verdadeira cristiá... Terminou dicíndolle ó vigairo que «cuns poucos anos máis que pasase onda a señorita, sabería apreciala mellor e recoñece-los tesouros daquel excelente carácter».

O abade Birotteau saíu confundido. Na fatal necesidade en que se atopaba de non lle pedir consello a ninguén, xulgo a señorita Gamard ó seu aire. O bo do home creu que ausentándose algúns días apagaría, por falta de alimento, o odio que lle tiña aquela muller. Así que resolveu ir, coma noutro tempo, pasar varios

días ó campo, á casa onde a señora de Listomère ía contra a fin do outono, época na que o aire é polo regular puro e doce na Turena. ¡Pobre home! Cumpría así precisamente os desexos secretos da súa terrible inimiga, os proxectos da cal só podían ser descubertos cunha paciencia de monxe; pero, sen presentir nada, sen coñecer sequera os seus propios asuntos, ía sucumbir coma un año ó primeiro golpe do carniceiro.

A propiedade da señora de Listomère, situada nunha costa que se encontra entre a vila de Tours e os outeiros de Saint-Georges, exposta ó mediodía e rodeada de rochas, ofrecía as vantaxes do campo e tódolos praceres da vila. En efecto, non facían falla máis de dez minutos para chegar da ponte de Tours á porta daquela casa, chamada l'Alouette; vantaxe preciosa nunha comarca onde ninguén se quere molestar por nada, nin sequera para irse divertir. O padre Birotteau levaba uns dez días en l'Alouette cando unha mañá, á hora do almorzo, o porteiro veulle anunciar que o señor Caron desexaba falar con el. O señor Caron era o avogado encargado dos asuntos da señorita Gamard. Birotteau nin se lembraba e, non tendo ningún punto de litixio con quen fose no mundo, deixou a mesa preso dunha certa ansiedade para ir onda o avogado: atopouno modestamente sentado na balaustrada dunha terraza.

—A súa intención de non seguir vivindo na casa da señorita Gamard é evidente... —dixo o avogado.

—¡Ei, señor! —exclamou o abade Birotteau interrompéndoo—, eu nunca pensei en deixala.

—Sen embargo, señor —repuxo o avogado—, algo diso debeulle explicar á señorita, porque ela envíame para saber se vai quedar moito tempo no campo. Non estando previsto o caso dunha longa ausencia no seu contrato, pode ser obxecto de litixio. Agora ben, a señorita Gamard entendendo que a súa pensión...

—Señor —dixo Birotteau, sorprendido e volvendo interromper ó avogado—, non cría que fose necesario empregar vías case xudiciais para...

—A señorita Gamard, que quere evitar toda contrariedade —dixo o señor Caron—, mándame para que me entenda con vostede.

—¡Pois ben! Se quere te-la amabilidade de volver mañá —repuxo Birotteau—, eu consultarei pola miña banda.

—Sexa —dixo Caron, saudando.

E o leguleio retirouse. O pobre vigairo espantado pola persistencia coa que a señorita Gamard o perseguía, regresou ó comedor da señora de Listomère presentando unha cara tan trastornada que lle preguntaron todos:

—¿E logo que lle pasa, señor Birotteau...?

O abade, apesarado, sentou sen responder, completamente abraiado polas vagas imaxes da súa desgracia. Pero, despois do almorzo, cando varios dos seus amigos estiveron reunidos no salón ante un bo lume, Birotteau contoulles inxenuamente os detalles da súa aventura. Os seus oíntes, que comezaban a aburrirse da súa estancia no campo, interesáronse vivamente por aquela intriga, tan en harmonía coa vida de provincias. Todos tomaron partido polo abade contra a solteirona.

—¡Como! —dixo a señora de Listomère—, ¿non ve vostede claramente que o abade Troubert quere as súas estancias?

Aquí, o historiador debería esboza-lo retrato desa dama; pero pensou que aqueles mesmos para os que o sistema de *cognomoloxía* de Sterne⁷ é descoñecido, non poderían pronunciar estas tres palabras "Señora de Listomère" sen imaxinala nobre, digna, temperando os rigores da piedade coa vella elegancia dos costumes monárquicos e clásicos, con maneiras cortesés, boa, pero un pouco tesa, lixeiramente fungona, permitíndose a lectura da *Nova Heloísa*, da comedia e aínda ía sen sombreiro.

—¡O abade Birotteau non debe ceder ante esa vella argalleira! —exclamou o señor de Listomère, tenente de navío que viñera pasa-las vacacións á casa da súa tía. Se o vigairo ten valor e quere segui-los meus consellos, logo ha recupera-la súa tranquilidade.

En fin, todos se puxeron a analiza-las accións da señorita Gamard con esa particular perspicacia da xente de provincias, á que non hai que lle nega-lo talento de saber descubri-los motivos máis secretos das accións humanas.

—Non lles é así —dixo un vello terratenente que coñecía a rexión—. Aí hai algo grave que non acabo de comprender. O padre Troubert é demasiado profundo como para entendela á primeira. Isto non é máis có comezo das dificultades do noso querido Birotteau. En primeiro lugar ¿quedará feliz e tranquilo mesmo se lle cede a súa vivenda a Troubert? Dubídoo. Se Caron lle veu dicir —engadiu, volvéndose cara ó sacerdote apampado—, que vostede tiña a intención de deixar á señorita Gamard é que seguramente a señorita Gamard ten a intención de botalo fóra da súa casa... ¡Pois ben! Sairá vostede polas boas ou polas malas. Esa clase de xente nunca arrisca nada e só xoga sobre seguro.

Aquel vello fidalgo, chamado o Señor de Bourbonne, resumía tódalas ideas de provincias exactamente como Voltaire resumiu o espírito da súa época. Ese ancián seco e fraco, profesaba, en materia de vestimenta, a total indiferencia dun propietario de terras con valor que se cotiza en todo o departamento. A súa fisionomía, curtida polo sol da Turena, era menos espiritual ca fina. Habitado a sopesa-las palabras e a calcula-las accións, escondía a súa profunda circunspección baixo unha simplicidade enganosa. De maneira que, a máis lixeira observación bastaba para comprender que, igual ca un campesiño da Normandía, sempre saía gañando en tódolos seus negocios. Gran entendido en enoloxía, a ciencia favorita dos habitantes da Turena, conseguira redondea-las praderías dunha das súas propiedades gracias ós terreos de aluvián do Loira evitando todo proceso co Estado. Esa boa xogada déralle sona de home de talento. Se, fascinados pola conversación do Señor de Bourbonne, lle preguntasedes pola súa biografía a algún habitante da Turena:

—¡Oh!, *é lle un zorro vello* —sería a resposta proverbial de tódolos envexosos, e había moitos. En Turena, coma na maior parte das provincias, a envexa forma *o fondo da lingua*.

A observación do Señor de Bourbonne creou momentaneamente un silencio durante o cal as persoas que compoñían aquel pequeno comité pareceron reflexionar. Estando nisto, foi anunciada a señorita Salomón de Villenoix. Acudira co desexo de serlle útil a Birotteau, chegaba de Tours e as noticias que traía cambiaron completamente a cara do asunto. No momento da súa chegada, todos, salvo o terratenente, aconsellaban a Birotteau que guerrease contra Troubert e Gamard, baixo os auspicios da sociedade aristocrática que o ía protexer.

—O vigairo xeral, que se ocupa do traballo do persoal, acaba de enfermar e o Arcebispo confioulle o seu posto ó abade Troubert —dixo a señorita Salomon—. Agora, o nomeamento de cóengo depende enteiramente del. Ora ben, onte na casa da señorita de La Blottière, o padre Poirel falou das contrariedades que o padre Birotteau lle causaba á señorita Gamard, como para xustifica-la desgracia que vai caer sobre o noso bo abade: «O padre Birotteau é un home que necesitaba moito do padre Chapelou», dicía el; «e dende a morte dese virtuoso cóengo, está probado que...» E sucedéronse as suposicións e as calumnias. ¿Comprenden?

—Troubert será vigairo xeral —dixo solemnemente o Señor de Bourbonne.

—¡Vexamos! —exclamou a señora de Listomère, mirando a Birotteau—. ¿Que prefire vostede: ser cóengo, ou ficar na casa da señorita Gamard?

—¡Ser cóengo! —foi o berro xeral.

—¡Pois ben! —seguiu a señora de Listomère—, hai que lle da-la razón a Troubert é á señorita Gamard. ¿Non lle fan eles saber indirectamente, pola visita de Caron, que se vostede consente en deixalos será cóengo? ¡Unha cousa pola outra!

Todos se admiraron da finura e da sagacidade da señora de Listomère, excepto o barón de Listomère seu sobriño, que lle dixo, cun ton cómico, ó Señor de Bourbonne:

—Eu prefería o combate entre *a Gamard e o Birotteau*.

Pero, para desgracia do vigairo, as forzas non eran iguais entre aquelas xentes de mundo e a solteirona apoiada polo abade Troubert. Pronto chegou o momento en que a loita se ía debuxar máis francamente, medrar e adquirir proporcións enormes. Seguindo o consello da señora de Listomère e da meirande parte dos seus partidarios, que comezaban a apaixonarse con aquela intriga aparecida na súa vida provinciana,

enviouse un criado onda o señor Caron. O avogado volveu cunha celeridade notable que só asustou ó Señor de Bourbonne.

—Pospoñamos toda decisión ata ter un informe máis amplo —foi a opinión daquel Fabio en batín ó que profundas reflexións lle revelaban as altas combinacións do taboleiro de xogo da Turena.

Quíxolle explicar a Birotteau os perigos da súa posición. A sabedoría do *zorro vello* non conviña ás paixóns do momento, só obtivo unha leve atención. A conferencia entre o avogado e Birotteau durou pouco. O vigairo volveu todo asustado dicindo:

—Pídeme un escrito que deixe constancia da miña *renuncia*.

—¿Que terrible palabra é esa? —dixo o tenente de navío.

—¿Que significa iso? —exclamou a señora de Listomère.

—Iso significa simplemente que o abade debe declarar que quere deixa-la casa da señorita Gamard —respondeu o Señor de Bourbonne, collendo un chisco de rapé.

—¿Non é máis ca iso? ¡Asine! —dixo a señora de Listomère, mirando a Birotteau—. Se está seriamente decidido a saír da súa casa non hai ningún inconveniente en declara-la súa vontade.

¡A vontade de Birotteau!

—Iso é xusto —dixo o Señor de Bourbonne, pechando a caixiña de rapé cun xesto seco, o significado do cal é difícil de expresar, pois era toda unha linguaxe—. Pero sempre é perigoso escribir —engadiu, pousando a caixiña sobre a cheminea cunha actitude que asustou ó vigairo.

Birotteau atopábase tan atordado pola reviravolta de tódalas súas ideas, pola rapidez dos acontecementos que o sorprendían sen defensa, pola facilidade coa que os seus amigos trataban os asuntos máis caros á súa vida solitaria, que permanecía inmóbil, coma na lúa, sen pensar en nada pero escoitando e intentando comprende-lo sentido das rápidas palabras que todo o mundo prodigaba. Colleu o escrito do señor Caron e leuno, coma se a acta do avogado fose obxecto da súa atención; pero foi un movemento maquinal. E asinou aquel papel, polo que recoñecía renunciar voluntariamente tanto a vivir na casa da señorita Gamard, coma a ir comer aló, segundo o que acordaran entre eles. Cando o vigairo acabou de poñe-la súa sinatura, o señor Caron recolleu a acta e preguntoulle a qué lugar debía manda-la súa clienta as cousas que lle pertencían. Birotteau indicou a casa da señora de Listomère. Cun aceno, aquela señora consentiu en acoller ó padre por algúns días sen dubidar de que axiña había ser nomeado cóengo. O vello terratenente quería ver aquela especie de acta de renuncia e o señor Caron deulla.

—E logo —preguntoulle ó vigairo despois de lela—, ¿hai acordos escritos entre vostede e a señorita Gamard?, ¿onde están? ¿cales son as estipulacións?

—O contrato téño na casa —respondeu Birotteau.

—¿E coñece vostede o seu contido? —preguntoulle o terratenente ó avogado.

—Non señor —dixo o señor Caron, estendendo a man para recupera-lo papel fatal.

«¡Ah!», pensou o vello propietario, «ti, señor avogado, ti seguro que sabes todo o que contén ese contrato; pero non che pagan para que nolo digas».

E o Señor de Bourbonne devolveulle a renuncia ó avogado.

—¿E onde vou meter tódolos meus mobles? —exclamou Birotteau—, ¡e os meus libros, a miña fermosa biblioteca, os cadros, o salón vermello, en fin, todo o meu mobiliario!

E a desesperación do pobre home, que se sentía "transplantado", por así dicir, mostraba tal inxenuidade,

pintaba tan ben a pureza dos seus costumes, a súa ignorancia das cousas do mundo, que a señora de Listomère e a señorita Salomon dixéronlle, para consolalo, co ton que empregan as nais cando lles prometen xoguetes ós fillos:

—¿Non se irá preocupar por esas parvadas? Xa lle atoparemos unha casa menos fría e menos escura cá da señorita Gamard. E se non hai aloxamento que lle guste, pois unha de nós collerao como inquilino na nosa casa. Veña, imos xogar un *tric-trac*. Mañá vai ver ó señor abade Troubert para pedirlle que lle axude, xa verá como o ha de recibir ben.

As xentes débiles tranquilízanse tan facilmente como se asustan. Así que, o pobre Birotteau, engaiolado pola perspectiva de vivir na casa da señora de Listomère, esqueceu a ruína, consumada sen remedio, da felicidade que desexara por tanto tempo e da que tan deliciosamente gozara. Pero, á noite, antes de adormecer, e coa dor dun home para o que a molestia dunha mudanza e de novos hábitos eran a fin do mundo, torturouse pensando onde podería atopar un emprazamento para a súa biblioteca tan cómodo coma a súa galería. Vendo os seus libros errantes, os mobles descolocados e as súas cousas en desorde, preguntouse mil veces por qué o primeiro ano que pasara na casa da señorita Gamard fora tan doce e o segundo tan cruel. E a súa aventura seguía sendo un pozo sen fondo no que caía a súa razón. O canonicato xa non lle parecía unha compensación suficiente a tantas desgracias e comparaba a súa vida cunha media á que un só punto solto fai esgazar toda a trama. Quedáballe a señorita Salomon. Pero ó perde-las súas vellas ilusións, o pobre cura xa non se atrevía a crer nunha nova amizade.

Na *citta dolente* das solteironas, atópanse moitas, sobre todo en Francia, que a súa vida é un sacrificio nobremente ofrecido tódolos días a elevados sentimentos. Unhas permanecen orgullosamente fieis a un corazón que a morte lles arrebatou demasiado cedo; mártires do amor, encontran o segredo de ser mulleres pola alma. Outras obedecen a un orgullo de familia que día a día decae, para vergoña nosa, e sacrificanse por axudar a un irmán, a uns sobriños orfos: esas convértense en nais, permanecendo virxes. Esas mulleres acadan o máis alto heroísmo do seu sexo, consagrando tódolos sentimentos femininos ó culto da desgracia. Idealizan a figura da muller renunciando ás recompensas do seu destino e non aceptando máis cás penas. Daquela viven rodeadas do esplendor da súa abnegación, e os homes inclinan respectuosamente a testa ante os seus riscos murchos. A señorita de Sombreuil non foi nin moza nin muller⁸; foi e será sempre unha poesía viva. A señorita Salomon pertencía a esas criaturas heroicas. A súa entrega era relixiosamente sublime porque debía producirse sen gloria, despois de ser un sufrimento cotián. Fermosa, nova, foi amada e amou; o seu pretendente perdeu a razón. Durante cinco anos, coa forza do amor, ela consagrárase á felicidade mecánica daquel desgraciado, asumindo tan ben a súa loucura que non o cría louco. Polo demais era unha persoa de costumes sinxelos, de linguaxe franca, e cun pálido rostro que non carecía de personalidade, malia a regularidade dos seus trazos. Nunca falaba dos acontecementos da súa vida. Só, por veces, os estremecementos súbitos que lle escapaban ó oí-lo relato dalgunha aventura horrible ou triste, revelaban nela as fermosas calidades que desenvolven as grandes dores. Trasládárase a Tours despois de perde-lo compañeiro da súa vida. Alí non podía ser apreciada no seu xusto valor e tiña sona de ser unha *boa persoa*. Facía o ben e achegábase, por gusto, ós seres débiles. Por iso o pobre vigairo lle inspirara naturalmente un fondo interese.

A señorita de Villenoix, que ía á vila pola mañá, levou alá a Birotteau, deixouno diante da catedral, encamiñándose cara ó Claustro a onde ardía en desexos de chegar para salvar do naufraxio polo menos o canonicato, e vixia-lo traslado do seu mobiliario. Chamou, non sen experimentar violentas palpitacións de corazón, á porta daquela casa á que había catorce anos que adoitaba vir, na que vivira e da que debía exiliarse para sempre, despois de ter soñado con morrer alí en paz, a imitación do seu amigo Chapeloud. Marianne pareceu sorprendida de ver ó vigairo. El díxolle que viña falar co padre Troubert e dirixiuse cara á planta baixa onde vivía o cóengo; pero Marianne berroulle:

—O padre Troubert xa non está aí, señor vigairo, está na súa antiga vivenda.

Estas palabras causaron un horroroso estremecemento no vigairo que comprendeu por fin o carácter de Troubert e a profundidade dunha vinganza tan lentamente calculada, ó encontralo instalado na biblioteca de Chapeloud, sentado na fermosa cadeira gótica de Chapeloud, durmindo sen dúbida no leito de Chapeloud, gozando dos mobles de Chapeloud, aloxado no corazón de Chapeloud, anulando o testamento de Chapeloud e, por fin, desherdando o amigo dese Chapeloud que, durante tanto tempo, o mantivera postergado no salón da señorita Gamard, impedíndolle todo avance e pechándolle os salóns de Tours. ¿Por que toque de variña máxica tivera lugar aquela metamorfose? ¿Todo aquilo xa non lle pertencía a Birotteau? Certamente, vendo o aire sardónico co que Troubert contemplaba aquela biblioteca, o pobre Birotteau xulgou que o futuro vigairo xeral estaba seguro de posuí-los desposos daqueles que odiara tan cruelmente a

Chapeloud como inimigo e a Birotteau porque nel reencontraba a Chapeloud. Ante aquilo mil ideas se lle alzaron no corazón ó bo do home e sumírono nunha especie de meditación. Quedou inmóbil e como fascinado polos ollos de Troubert que o miraba fixamente:

—Non penso, señor —dixo por fin Birotteau—, que vostede me queira privar das cousas que me pertencen. Se a señorita Gamard estaba impaciente por acomodalo mellor, non obstante, debe se-lo suficientemente xusta como para me deixa-lo tempo de recoñece-los meus libros e saca-los meus mobles.

—Señor —dixo friamente o abade Troubert, sen deixar que aparecese no seu rostro ningún sinal de emoción—, a señorita Gamard informoume onte da súa partida a causa da cal aínda me é descoñecida. Se me instalou aquí foi por necesidade. O señor abade Poirel colleu o meu apartamento. Ignoro se as cousas que están aquí pertencen ou non á señorita; pero se son de vostede, xa coñece a súa boa fe: a santidade da súa vida é unha garantía da súa probidade. En canto a min, non ignora a simplicidade dos meus costumes. Durmín quince anos nun cuarto espido sen preocuparme pola humidade que, ó cabo, me matou. Con todo, se vostede quixese vivir de novo neste apartamento eu cederíallo gustoso.

Ó oír estas palabras terribles, Birotteau esqueceu o asunto do canonicato, baixou coa presteza dun mozo busca-la señorita Gamard e atopouna ó pé da escaleira, no amplo descansaiño empedrado que unía os dous corpos do edificio.

—Señorita —dixo, saudando e sen fixarse no sorriso acedo e burlón que ela tiña nos beizos nin na chama extraordinaria que lles daba ós seus ollos a luminosidade dos dun tigre—, non me explico como non agardou a que sacase os meus mobles para...

—¡Que! —dixo ela, interrompéndoo—, ¿non levou tódolos seus efectos á casa da señora de Listomère?

—Pero, ¿os meus mobles?

—¿E logo non leu vostede o contrato? —dixo a solteirona cun ton que se debería poder escribir musicalmente para facer comprende-los matices que pon o odio na acentuación de cada palabra.

E a señorita Gamard pareceu que medraba, os seus ollos brillaron aínda máis, iluminóuselle a cara e toda a súa persoa se estremeceu de pracer. O padre Troubert abriu unha ventá para ler mellor nun volume infolio. Birotteau quedou como fulminado. A señorita Gamard berráballe nos oídos, cunha voz clara coma o son dunha trompeta, as frases seguintes:

—¿Non quedou acordado que, no caso de que vostede se fose da miña casa, o seu mobiliario me pertencería para indemnizarme da diferenza que existía entre o prezo da súa pensión e a do respectable abade Chapeloud? Agora ben, como o abade Poirel foi nomeado cóengo...

Ó oír estas últimas palabras, Birotteau inclinouse debilmente, como para despedirse da solteirona; despois saíu precipitadamente. Temía, de quedar alí un pouco máis, caer desmaiado e darlles así un triunfo demasiado grande a tan implacables inimigos. Andando coma un borracho, chegou á casa da señora de Listomère, onde atopou, nunha sala da planta baixa, a súa roupa, e os seus papeis nun baúl. Ante o aspecto daqueles restos do seu mobiliario, o desgraciado cura sentou e escondeu o rostro entre as mans para furtarlle á xente a vista das súas bágoas. ¡O padre Poirel era cóengo! ¡El, Birotteau, víase sen asilo, sen fortuna e sen mobles! Por sorte, a señorita Salomon pasou por alí en coche. O porteiro da casa, que comprendeu a desesperación do pobre home, fíxolle un aceno ó cocheiro. Logo, tras unhas frases intercambiadas entre a señorita e o porteiro, o vigairo deixouse conducir medio morto onda a súa fiel amiga, á cal non lle puido dicir máis que unhas palabras incoherentes. A señorita Salomon, asustada polo trastorno momentáneo dunha cabeza xa de por si débil, levouno ó instante a l'Alouette, atribuíndo este comezo de alienación mental ó efecto que lle debiera produci-lo nomeamento do padre Poirel. Ignoraba os acordos do sacerdote coa señorita Gamard pola excelente razón de que el mesmo ignoraba o seu alcance. E como é propio da natureza que o cómico se atope ás veces mesturado coas cousas máis patéticas, as estrañas respostas de Birotteau case fixeron sorrir á señorita Salomon.

—Chapeloud tiña razón —dicía el—. ¡É un monstro!

—¿Quen? —preguntaba ela.

—Chapeloud. ¡Rouboume todo!

—¿Será Poirel?

—Non, Troubert.

Por fin chegaron a l'Alouette, onde os amigos do sacerdote lle prodigaron uns coidados tan esmerados que, contra a noite, calmárono e puideron obter del o relato do que ocorrera durante a mañá. O flegmático terratenente pediu naturalmente ve-lo contrato que, dende a véspera, lle parecía conte-la solución do enigma. Birotteau sacou o fatal papel timbrado do peto, tendeu-lo ó Señor de Bourbonne, que o leu rapidamente e axiña chegou a unha cláusula así redactada: «Como resulta haber unha diferenza de oitocentos francos ó ano entre a pensión que pagaba o defunto señor Chapeloud e aquela pola que a dita Sophie Gamard consente en acoller na súa casa, nas condicións arriba estipuladas, ó devandito François Birotteau, tendo en conta que o abaixo asinante François Birotteau recoñece plenamente non se encontrar en condicións de aboar, durante varios anos, o prezo pagado polos inquilinos da señorita Gamard e, sobre todo, polo abade Troubert, en fin, en consideración a diversos adiantos feitos pola devandita Sophie Gamard, abaixo asinante, o devandito Birotteau comprométese a deixarlle a título de indemnización o mobiliario que lle pertenza á súa morte, ou se, pola causa que fose, viñese a deixar voluntariamente, cando sexa, os lugares a el alugados pola presente e a non gozar das vantaxes arriba estipuladas no contrato asinado coa señorita Gamard ...»

—¡Deus, que contrato! —exclamou o terratenente—, ¡je vaia putas que ten a dita Sophie Gamard!

O pobre Birotteau, non imaxinaba no seu cerebro infantil ningunha causa que o puidese separar un día da señorita Gamard, contaba morrer na súa casa. Non tiña ningún recordo daquela cláusula, os termos da cal nin sequera foran discutidos no seu día, tan xusta lle parecera, cando, no seu desexo de lle pertencer á solteirona, houbera asinado tódolos pergameos que lle presentasen. Aquela inocencia era tan respectable e a conducta da señorita Gamard tan atroz, a sorte do pobre sesaxenario tan deplorable e a súa debilidade facíao tan entenecedor que, nun primeiro momento de indignación, a señora de Listomère exclamou:

—Eu son a causa da sinatura da acta que o arruinou, teño que devolverlle o benestar do que o privei.

—Pero —dixo o vello cabaleiro—, a acta constitúe un fraude, hai razóns para poñer un preito...

—Pois ben, Birotteau preiteará. Se perde en Tours, gañará en Orleáns. Se perde en Orleáns gañará en París —exclamou o señor de Listomère.

—Se quere ir a un preito —repuxo friamente o Señor de Bourbonne—, aconséllolle que dimita primeiro do seu cargo de vigairo.

—Consultaremos cos avogados —proseguiu a señora de Listomère—, e preitearemos se hai que preitear. Pero este caso é demasiado vergonzoso para a señorita Gamard e pode chegar a ser moi prexudicial para o abade Troubert, poida que cheguemos a algún pacto.

Tras madura deliberación, todos lle prometeron a súa axuda ó abade Birotteau na loita que se ía establecer entre el e tódolos adeptos dos seus antagonistas. Un seguro presentimento, un indefinido instinto provinciano forzábaos a todos a uni-los dous nomes de Gamard e de Troubert. Pero ningún dos que se encontraban entón na casa da señora de Listomère, excepto o zorro vello, tiña unha idea exacta da importancia de semellante combate. O Señor de Bourbonne levou ata un recanto o pobre abade.

—Das catorce persoas que están aquí —díxolle en voz baixa—, non haberá nin unha a favor de vostede de aquí a quince días. Se necesita chamar a alguén que o axude, tal vez non atope a ninguén máis ca min arriscado abondo como para ousar defendelo, porque eu coñezo a provincia, os homes, as cousas e, aínda mellor, os intereses. Pero tódolos seus amigos, se ben cheos de boas intencións, póñeno nun mal camiño do que non poderá saír. Escoite o meu consello. Se quere vivir en paz, deixe o vicariato de Saint-Gatien, deixe Tours. Non diga para onde vai, pero busque algunha parroquia illada onde Troubert non o poida atopar.

—¿Abandonar Tours? —exclamou o vigairo, cun pavor indescribible.

Iso era para el como unha especie de morte. ¿Non significaba romper tódalas raíces coas que se plantara no mundo? Os solteiros substitúen os sentimentos por costumes. Cando a este sistema moral, que os fai menos vivir que atravesala vida, se une un carácter débil, as cousas exteriores cobran un asombroso dominio sobre eles. Así Birotteau chegara a ser coma un vexetal: transplantalo supoñía arrisca-la inocente fructificación. Igual que unha árbore debe ter en todo momento os mesmos zumes e as raíces sempre no mesmo terreo para vivir, Birotteau tiña que trotar sempre por Saint-Gatien, camiñar polo lugar do Mail onde paseaba habitualmente, percorrer sen cesar as rúas polas que transitaba e seguir indo ós tres salóns onde xogaba, cada atardecer, ó *whist* ou ó *tric-trac*.

—¡Ah!, eu non pensara niso —respondeu o Señor de Bourbonne, mirando para o crego cunha certa conmisericordia.

Todo o mundo soubo axiña na vila de Tours que a señora baronesa de Listomère, viúva dun tenente xeneral, tiña acollido o abade Birotteau, vigairo de Saint-Gatien. Este feito, que moita xente poñía en dúbida, resolveu netamente tódalas cuestións e delimitou os bandos, sobre todo cando a señorita Salomon foi a primeira que se atreveu a falar de fraude e de preito. Coa vaidade sutil que distingue ás solteironas e o fanatismo de personalidade que as caracteriza, a señorita Gamard sentiuse moi doída polo partido que tomaba a señora de Listomère. A baronesa era unha muller de alto rango, de costumes elegantes de bo gusto, maneiras corteses e devoción que eran indiscutibles. Acolloendo a Birotteau, daba o desmentido máis formal a tódalas asercións da señorita Gamard, censuraba indirectamente a súa conducta e semellaba lexitima-las queixas do vigairo contra a súa antiga anfitriona.

Para a comprensión desta historia, é necesario explicar aquí toda a forza que o discernimento e o espírito de análise co que as solteironas comprenden as accións dos demais lle prestaban á señorita Gamard e cales eran os recursos do seu bando. Acompañada do silencioso padre Troubert, ía pasa-las tardiñas en catro ou cinco casas onde se reunían unha ducia de persoas, todas ligadas entre elas polos mesmos gustos e pola analoxía da súa situación. Eran un ou dous vellos que compartían as paixóns e os ruxerruxes das súas criadas; cinco ou seis solteironas que pasaban o día a peneira-las palabras, a escruta-las accións dos veciños e da xente situada por riba ou por baixo delas na sociedade; e, finalmente, varias mulleres dunha certa idade dedicadas exclusivamente a destilar maledicencia, a levar un rexistro exacto de tódalas fortunas, ou a controla-los feitos dos outros: prognosticaban casamentos e censuraban a conducta das súas amigas tan acedamente coma a das súas inimigas. Esas persoas, todas instaladas na vila coma os vasos capilares dunha planta, succionaban, coa sede da folla pola rosada, as novidades e os segredos de cada matrimonio, aspirábanos e transmitíanllos maquinalmente ó abade Troubert como as follas lle comunican ó talo o frescor que absorben. Deste xeito, durante cada unha das veladas da semana, excitadas por esa necesidade de emocións que reside en tódolos individuos, aquelas boas devotas establecían un balance exacto da situación da vila, cunha sagacidade digna do consello dos Dez⁹, e facían de policía, armadas con esa especie de espionaxe inevitable que crean as paixóns. Logo, cando tiñan adivinado a razón secreta dun acontecemento, o seu amor propio levábaas a apropiarse da sabedoría do seu sanedrín, para da-lo ton da charla nas súas respectivas zonas. Aquela congregación ociosa pero activa, invisible pero vendo todo, muda pero falando sen cesar, posuía daquela unha influencia que a súa nulidade facía, en aparencia, pouco prexudicial e que nembargantes chegaba a ser terrible cando estaba excitada por un interese maior. Agora ben, había moito tempo que non se presentara na esfera das súas vidas un acontecemento tan grave e tan xeralmente importante para cada unha delas como o era a loita de Birotteau, sostido pola señora de Listomère, contra o abade Troubert e a señorita Gamard. En efecto, sendo considerados como inimigos os tres salóns das señoras de Listomère, Merlin de la Blottière e de Villenoix por aqueles ós que ía a señorita Gamard, aparecía no fondo desta querela o espírito de corpo e tódalas súas vaidades. Era o combate do pobo e do senado romanos nunha toupeira, ou unha tormenta nun vaso de auga, como dixo Montesquieu falando da república de San Mariño os cargos públicos da cal só duraban un día, tan doado era apoderarse alí da tiranía. Con todo, esa tormenta desenvolvía nas súas almas as mesmas paixóns que cumprirían para dirixi-los meirandes intereses sociais. ¿Non é un erro crer que o tempo só pasa rápido para os corazóns cheos dos grandes proxectos que axitan a vida e a fan bulir? As horas do abade Troubert discorrían tan axitadas, fuxían cargadas de pensamentos tan atormentados, estaban sucadas por desesperos e por esperanzas tan fondos como o podían esta-las horas crueis do ambicioso, do xogador e do amante. Só Deus está no segredo da enerxía que nos custan os triunfos ocultamente gañados ós homes, ás cousas e a nós mesmos. Se non sempre sabemos onde imos, coñecemos ben as fatigas da viaxe. Soamente que, se lle está permitido ó historiador deixa-lo drama que narra para adoptar por un momento o papel de crítico, se vos convida a botar unha ollada sobre a existencia daquelas solteironas e dos dous curas, co fin de busca-la causa da fatalidade que os viciaba na súa esencia, tal vez vos quede demostrado que o home necesita experimentar certas paixóns para desenvolve-las calidades que dan nobreza á súa vida, amplían o seu círculo e adormecen o egoísmo natural de tódalas criaturas.

A señora de Listomère volveu á vila sen saber que, dende había cinco ou seis días, varios dos seus amigos se viran obrigados a desmentir un ruxerruxe que a atinxía, do que se tería rido se coñecese que lle supoñía ó seu afecto polo sobriño causas perversas. Levou o abade Birotteau xunto ó seu avogado ó que o proceso non lle pareceu cousa doada. Os amigos do vigairo, animados polo sentimento que dá a xustiza dunha boa causa, ou preguiceiros por un proceso que non os afectaba persoalmente, aprazaran o comezo da instancia ata o día en que regresasen a Tours. Os amigos da señorita Gamard puideron, así, colle-la dianteira e souberon conta-lo caso de maneira pouco favorable para o padre Birotteau. De xeito que, o home de leis, con clientela que se compoñía exclusivamente da xente piadosa da vila, sorprendeu moito á señora de Listomère aconsellándolle que non se embarcase en semellante proceso, e rematou a conferencia dicindo que, por outro lado, el non se encargaría do mesmo porque, segundo os termos do contrato, a señorita Gamard tiña razón ante a Lei; que, en Equidade, é dicir fóra da xustiza, o abade Birotteau parecería ós ollos do tribunal e ós da xente honrada, que faltaba ó carácter de paz, de conciliación e á mansedume que se lle supoñía ata entón; que a señorita Gamard, considerada persoa tranquila e de fácil convivencia, axudara a Birotteau, prestándolle os cartos necesarios para paga-los dereitos sucesorios ós que dera lugar o testamento de Chapeloud, sen lle pedir recibo ningún; que Birotteau non tiña nin idade nin carácter para asinar un contrato sen sabe-lo que contiña, e sen coñece-la súa importancia; e que se abandonara a señorita Gamard despois de dous anos de convivencia, cando o seu amigo Chapeloud permanecera alí doce, e Troubert quince, non podía ser máis que con vistas a un proxecto coñecido por el; que o proceso había ser xulgado como un acto de ingratidade, etc. O avogado deixou a Birotteau saír diante cara á escaleira, levou á parte a señora de Listomère e mentres a acompañaba aconselloulle, en nome da súa tranquilidade, non intervir naquel caso.

Sen embargo, á noite, o pobre vigairo, que se atormentaba coma un condenado a morte no pavillón de Bicêtre¹⁰ cando agarda polo resultado do seu recurso, non puido evitar informar ós seus amigos do resultado da súa visita no momento en que, antes das partidas, se formaba o círculo ante a cheminea da señora de Listomère.

—Excepto o avogado dos Liberais, non coñezo en Tours ningún home de leis que se queira facer cargo deste proceso sen te-la intención de facerllo perder —exclamou o Señor de Bourbonne—, e non lle aconsello que se embarque nel.

—Pois é unha ignominia —dixo o tenente de navío—. Eu vou leva-lo padre onda ese avogado.

—Vaia cando sexa de noite —dixo o Señor de Bourbonne, interrompéndoo.

—¿E logo?

—Acabo de saber que o padre Troubert foi nomeado vigairo xeral, no sitio do que morreu onte.

—¡Ben lle me importa a min o abade Troubert!

Desgraciadamente, o barón de Listomère, home de trinta e seis anos, non viu o sinal que lle fixo o Señor de Bourbonne, para recomendarlle que pesase as súas palabras, mostrándolle un conselleiro da prefectura, amigo de Troubert. Así que o tenente de navío engadiu:

—Se o señor abade Troubert é un miserable...

—¡Oh! —dixo o Señor de Bourbonne, interrompéndoo—, ¿por que mete-lo abade Troubert nun caso ó que el é completamente alleo?

—Mais —repuxo o barón—, ¿non goza el dos mobles do abade Birotteau? Lémbrome de ir onda Chapeloud e ver alí dous cadros de valor. Supoña que valen dez mil francos... ¿Cre vostede que o señor Birotteau tivese a intención de pagar dez mil francos por dous anos de pensión na casa desa Gamard, cando xa a biblioteca e os mobles case valen esa suma?

O padre Birotteau abriu uns ollos coma pratos ó informarse de que posuía un capital tan considerable.

E o barón, proseguindo con énfase, engadiu:

—¡Por Deus! Está aquí o señor Salomon, antigo perito do Museo de París, que veu visitar a súa sogra. Vou ir alí esta mesma noite co padre Birotteau para pedirlle que taxe os cadros. De alí levareino onda o avogado.

Os dous días desta conversa, o proceso collera consistencia. O avogado dos liberais, agora o de Birotteau, non favorecía moito a causa do vigairo. As xentes da oposición ó goberno e os que eran coñecidos por non querer nin cregos nin relixión, dúas cousas que moita xente confunde, apoderáronse da causa, e toda a vila falaba do mesmo. O antigo perito do Museo estimara en once mil francos a *Virxe de Valentin* e o *Cristo de Lebrun*, cadros dunha beleza capital. En canto á biblioteca e ós mobles góticos, o gusto dominante que medraba de día en día en París por esa clase de cousas, dáballes momentaneamente un valor de doce mil francos. En fin, o experto fixo o exame e avaliou o mobiliario todo en dez mil escudos. Agora ben, era evidente que, non tendo Birotteau a intención de lle entregar á señorita Gamard esa suma enorme polo pouco diñeiro que lle podía deber en virtude da paga estipulada, había lugar, xudicialmente falando, a emenda-lo contrato; doutro modo, a solteirona sería culpable dun fraude voluntario. O avogado dos Liberais iniciou o caso enviando unha notificación introductoria de instancia á señorita Gamard. Aínda que moi acerba, aquela peza, reforzada por citas de sentencias e corroborada por algúns artigos do Código, non era menos que unha obra de arte de lóxica xudicial e condenaba tan evidentemente á solteirona, que trinta ou corenta copias foron distribuídas maliciosamente na vila pola Oposición.

Algúns días despois do comezo das hostilidades entre a solteirona e Birotteau, o barón de Listomère, que esperaba entrar como capitán de corveta na primeira promoción, anunciada algún tempo antes no Ministerio da Mariña, recibiu unha carta dun dos seus amigos na que lle facía saber que nos despachos se falaba de deixalo fóra do marco desa actividade. Estrañamente sorprendido por esa noticia, saíu inmediatamente para París e foi á primeira recepción que deu o ministro, que pareceu moi asombrado el mesmo e botou a rir en coñecendo os temores dos que lle deu conta o barón de Listomère. Ó día seguinte, non obstante a palabra do ministro, o barón consultou nos Despachos. Por unha desas indiscrecións que algúns xefes cometen a miúdo polos seus amigos, un secretario amosoulle un escrito xa listo, pero que a enfermidade dun director impedira ata entón ser sometido á atención do ministro e que confirmaba a fatal noticia. De contado, o barón de Listomère foi á casa dun seu tío, quen, na súa calidade de deputado, podía ver inmediatamente ó ministro da Cámara e pediulle que sondase as disposicións de Súa Excelencia, pois tratábase, para el, da perda do seu porvir. Así que esperou coa máis viva ansiedade, no coche do tío, a fin da sesión. O deputado saíu bastante antes da clausura e díxolle ó sobriño, durante o camiño de regreso ó seu pazo:

—¿Como diaño andas ti a meterte en guerrear contra os cregos? ¡O ministro empezou por me explicar que te puxeras á cabeza dos Liberais en Tours!, que tiñas unhas ideas abominables, que non seguía-la liña do goberno, etc. Con frases tan retorcidas coma se aínda seguise falando ante a Cámara. Entón eu díxenlle: «¡Ah, ben, entendámonos...!» A Súa Excelencia terminou por confesarme que estabas a mal coa Capelanía Castrense. Resumindo, pedinlles algunhas informacións ós meus colegas e souben que falabas con bastante lixeireza dun tal padre Troubert, simple vigairo xeral, pero o personaxe máis importante da provincia onde representa a Congregación¹¹. Eu respondinlle como puiden ó ministro. Señor meu sobriño, se queres abriarte camiño, non te crees ningunha inimidade sacerdotal. Vai axiña a Tours, fai a paz con ese diaño de vigairo xeral. Sabe que os vigairos xerais son homes cos que cómpre vivir sempre en paz. ¡Recoiro!, agora que todos traballamos por restablece-la relixión é estúpido nun tenente de navío que quere ser capitán, menoscaba-los cregos. Se non te pos a ben co abade Troubert, non contes comigo: renegarei de ti. O ministro de Asuntos Eclesiásticos faloume, hai un anaco, dese home como dun futuro bispo. Se Troubert lle collera aversión á nosa familia, poderíame impedir entrar na próxima formada de pares. ¿Entendes?

Estas palabras explicáronlle ó tenente de navío as secretas ocupacións de Troubert, de quen Birotteau dicía neciamente: «Non sei en que pasa as noites».

A posición do cóengo no medio do senado feminino que facía tan sutilmente de policía na provincia e a súa capacidade persoal fixéranlo elixir pola Congregación, entre tódolos eclesiásticos da vila, para se-lo procónsul descoñecido da Turena. Arcebispo, xeneral, prefecto, grandes e pequenos estaban baixo o seu oculto dominio. Así que o barón de Listomère axiña tomou o seu partido.

—Non quero —díxolle a seu tío—, recibir unha segunda descarga eclesiástica na miña *liña de flotación*.

Tres días despois daquela conferencia diplomática entre tío e sobriño, o mariño, que regresara rapidamente a Tours no coche correo, reveláballe a súa tía, a mesma tardiña da chegada, os perigos que corrían as máis caras esperanzas da familia Listomère de se obstinaren un e o outro en apoiar a *ese imbécil de Birotteau*. O barón retivera ó Señor de Bourbonne cando o vello cabaleiro collía o bastón e o chapeo para marchar, rematada a partida de *whist*. As luces do vello astuto eran indispensables para ilumina-los escollos nos que

se atopaban metidos os Listomère e o vello zorro fora antes de tempo busca-lo bastón e o chapeo só para que lle dixesen ó oído: «Quédese, temos que falar».

O súbito regreso do barón e o seu aire de satisfacción, en desacordo coa gravidade pintada en certos momentos no seu rostro, suxeríranlle vagamente ó Señor de Bourbonne algún revés sufrido polo tenente na súa cruzada contra Gamard e Troubert. Non mostrou ningunha sorpresa oíndolle ó barón proclama-lo secreto poder do vigairo xeral congregacionista.

—Eu xa o sabía —dixo.

—¡Vaia! —exclamou a baronesa— ¿E por que non nos avisou?

—Señora —respondeu el con viveza—, esqueza que adiviñei a invisible influencia dese crego e eu esqueceréi que vostede a coñecía igualmente. Se non gardáramo-lo segredo pasaríamos por cómplices seus: seríamos temidos e odiados. Provóqueme, finxa que estaba enganada; pero saiba ben onde pon os pés. Eu xa lle dixera abondo, vostede non me comprendeu, e eu non me quería comprometer.

—¿E como imos facer agora? —dixo o barón.

Abandonar a Birotteau nin se discutía e foi unha primeira condición sobreentendida polos tres conselleiros.

—Baterse en retirada cos honores da guerra sempre foi a obra mestra dos máis hábiles xenerais —respondeu o Señor de Bourbonne—. Préguese ante Troubert: se o seu odio é menos forte cá súa vaidade, terá vostede un aliado; pero se é que se prega demasiado pisaraa; pois xa dixo Boileau:

Estraga todo o que poidas, é o espírito da Igrexa

Faga crer que deixa o servicio, así subtraerase a el, señor barón. Vostede, señora, bote ó vigairo: así daralle a razón á señorita Gamard. Pregúntelle no Arcebispado ó abade Troubert se sabe xogar ó *whist*, halle dicir *sí*. Pídalle que veña xogar unha partida neste salón, no que el desexa que o reciban; certamente ha vir. Vostede é muller, mire como poñer a ese crego á favor dos seus intereses. Cando o barón sexa capitán de navío, seu tío par de Francia e Troubert bispo, poderá vostede facer a Birotteau cóengo, ó seu antollo. Ata alí dobréguese; pero dobréguese con gracia e ameazando. A súa familia pódelle prestar a Troubert tanto apoio como el darllo a vostedes; entenderanse de marabilla. Por outro lado, ande coa sonda na man, mariñeiro.

—¡Pobre Birotteau! —dixo a baronesa.

—¡Oh! aborde isto con el canto antes —replicou o propietario ó marchar—. Se algún liberal hábil se apoderase desa cabeza oca, traeríalle desgustos. Despois de todo, os tribunais pronunciaríanse en favor del e Troubert debe ter medo do xuízo. Aínda lle pode perdoar ter comezado o combate; pero, despois dunha derrota, sería implacable. Dixen.

Pechou cun golpe seco a caixiña do rapé, foi poñe-los chancos e marchou.

Á mañá seguinte, despois do almorzo, a baronesa quedou soa co vigairo e díxolle, non sen un visible embarazo:

—Meu querido señor Birotteau, vai atopar-las miñas peticións ben inxustas e ben inconsecuentes; pero é necesario, por vostede e por nós, primeiro abandona-lo proceso contra a señorita Gamard desistindo das súas pretensións, e logo deixa-la miña casa.

Oíndo estas palabras, o pobre crego palideceu.

—Eu son —proseguiu ela—, a causa inocente das súas desgracias e sei que, se non fose polo meu sobriño, vostede non emprendería o proceso que agora causa a súa dor e a nosa. ¡Pero, escoite!

E explicoulle sucintamente a inmensa extensión daquel asunto e a gravidade das súas consecuencias. As súas meditacións fixéranlle adiviñar, durante a noite, os antecedentes probables da vida de Troubert: puido, entón, sen equivocarse, demostrarlle a Birotteau a trama na que o envolvera aquela vinganza tan habilmente

urdida, revelarlle a alta capacidade, o poder do seu inimigo desvelándolle o seu odio, contándolle as súas causas, mostrándollo prostrado durante doce anos ante Chapeloud e devorando a Chapeloud e perseguindo aínda a Chapeloud na persoa do seu amigo. O inocente Birotteau xuntou as mans como para rezar e chorou de pena ante o aspecto dos horrores humanos que a súa alma pura nunca sospeitara. Aterrorizado como se se encontrase ó bordo do abismo, escoitaba, cos ollos fixos e húmidos, pero sen expresar ningunha idea, o discurso da súa benfeitores, que lle dixo, para terminar:

—Sei todo o mal que hai en abandonalo; pero, meu querido padre, os deberes de familia están antes cós da amizade. Ceda, como o fago eu, a esta tormenta, eu probareille todo o meu recoñecemento. Non lle falo dos seus intereses, eu encárgome deles. Estará libre de toda preocupación para o resto da súa existencia. Por mediación do Señor de Bourbonne, que ha saber salva-las aparencias, farei que non lle falte de nada. Amigo meu, concédame o dereito de traizoalo. Seguirei sendo a súa amiga, conformándome ás máximas do mundo. Decida.

O pobre sacerdote, estupefacto, exclamou:

—¡Logo Chapeloud tiña razón cando dicía que se Troubert puidera iríalle tirar polos pés na tumba! Agora dorme na cama de Chapeloud.

—Non é cousa de lamentarse, ¡veña!, quedanos pouco tempo —dixo a señora de Listomère.

Birotteau tiña demasiada bondade como para non obedecer, nas grandes crises, á entrega irreflexiva do primeiro momento. Ademais, a súa vida xa non era máis que unha agonía. Botándolle á súa protectora unha ollada desesperada, que a aflixiu, díxolle:

—Confíome a vostede. ¡Non son máis que un *bourrier* da rúa!

Esa palabra da Turena non ten outro equivalente posible máis cá palabra palliña. Pero hai palliñas moi xeitosas, amarelas, pulidas, brillantes, que fan a felicidade dos nenos; mentres que o *bourrier* é a palla descolorida, lamacenta, tirada no arroyo, arrebatada polo temporal, pisada polos viandantes.

—Pero, señora, non quixera deixarlle ó padre Troubert o retrato de Chapeloud; foi pintado para min, consiga que mo devolvan, abandonarei todo o demais.

—Pois logo irei á casa da señorita Gamard —a baronesa de Listomère pronunciou estas palabras nun ton que revelaba o extraordinario esforzo que facía rebaixándose a adula-lo orgullo da solteirona—. E —engadiu— intentarei arranxar todo. A penas me atrevo a esperalo. Vaia ver ó Señor de Bourbonne para que redacte a súa renuncia de forma legal; tráíame o documento en regra; despois, coa axuda do señor Arcebispo, poderemos, se cadra, rematar con isto.

Birotteau saíu de alí arrepiado. Troubert adoptara ante os seus ollos as dimensións dunha pirámide de Exipto. As mans daquel home estaban en París e os seus cóbados no claustro de Saint-Gatien. Pensaba. «¿El impídelle ó señor marqués de Listomère chegar a ser par de Francia...? ¡E, se cadra coa axuda do señor Arcebispo, poderemos rematar con isto !»

Ante tan grandes intereses, Birotteau sentíase coma un verme: e xulgábase ben.

A noticia do traslado de Birotteau causou grande asombro, sobre todo porque a causa era impenetrable. A señora de Listomère dicía que como o seu sobriño quería casar e deixa-lo servicio, ela necesitaba os apousentos do vigairo para amplia-los do seu sobriño. Ninguén coñecía aínda a renuncia de Birotteau. Así, as instrucións do Señor de Bourbonne executábanse sabiamente. Ó chegar ós oídos do gran vigairo, esas dúas noticias debían afaga-lo seu amor propio mostrándolle que, se ben non capitulaba, a familia de Listomère permanecía polo menos neutral e recoñecía tacitamente o poder oculto da Congregación: ¿recoñecelo non era xa someterse a el? Pero o proceso permanecía, enteiro, *sub judice*. ¿Iso non era dobregarse e ameazar, á vez?

De modo que os Listomère adoptaran naquela loita unha actitude exactamente igual á do gran vigairo: mantíñanse fóra e podían dirixir todo. Pero xurdiu un acontecemento grave e fixo aínda máis difícil o éxito dos meditados desexos do Señor de Bourbonne e dos Listomère para calma-lo partido dos Gamard e Troubert. A véspera, a señorita Gamard collera frío ó saír da Catedral, metérase na cama e dicíase que

estaba gravemente enferma. Por toda a vila resoaban os lamentos excitados por unha falsa conmiseración. «A sensibilidade da señorita Gamard non puidera resisti-lo escándalo daquel proceso. Malia te-la razón, ía morrer co desgusto. Birotteau mataba á súa benfeitora...» Tal era a esencia das frases lanzadas polos vasos capilares do gran conciliábulo feminino e repetidas con compracencia pola cidade de Tours.

A señora de Listomère pasou a vergoña de acudir á casa da solteirona sen recolle-lo froito da súa visita. Pediu, moi educadamente, falar co señor vigairo xeral. Tal vez afagado por recibir na biblioteca de Chapeloud e a carón daquela cheminea adornada cos dous famosos cadros en litixio a unha muller que sempre o ignorara, Troubert fixo esperar á baronesa un bo anaco; despois consentiu en darlle audiencia. Nunca cortesán ou diplomático empregou máis habilidade, disimulo e profundidade na discusión dos seus intereses privados ou na condución dunha negociación nacional, cá que despregaron a baronesa e mailo abade no momento en que se encontraron os dous en escena.

Igual có padriño que, na idade media, armaba o campión e dáballe forzas e valor por medio de útiles consellos no momento de entrar en liza, o zorro vello díxerlle á baronesa:

—Non esqueza o seu papel, vostede é conciliadora e non parte interesada. Troubert tamén é un mediador. ¡Pese as súas palabras! estudie as inflexións de voz do vigairo xeral. Se lle ve acaricia-lo queixelo, significa que o convenceu.

Alguns debuxantes téñense entretido en representar en caricatura o contraste frecuente que existe entre o *que se di* e o *que se pensa*. Aquí, para apreciar ben o interese do duelo de palabras que tivo lugar entre o sacerdote e a gran dama, cómpre desvela-los pensamentos que se ocultaron mutuamente baixo frases aparentemente insignificantes. A señora de Listomère comezou por expresa-la profunda mágoa que lle causaba o proceso de Birotteau, despois falou do seu desexo de ver rematado aquel asunto á satisfacción das dúas partes.

—O mal está feito, señora —dixo o abade con voz grave—, a virtuosa señorita Gamard está morrendo. («Tanto che me importa esa estúpida muller coma Perico dos Palotes», pensaba; «pero ben me gustaría cargarlle a vostede a súa morte ó lombo e que lle remordese a conciencia, se é parva abondo para preocuparse por iso».)

—En canto souben da súa enfermidade, señor —respondeu a baronesa—, esixinlle ó señor vigairo a renuncia que eu lle traía a esa santa muller. («¡Ben te vexo vir, vello arteiro!», pensaba; «pero agora quedamos libres das túas calumnias. Mais ti, se recólle-la renuncia, mordera-lo anzol, confesarás así a túa complicidade».)

Houbo un momento de silencio.

—Os asuntos temporais da señorita Gamard non me concirnen —dixo por fin o crego, baixando as súas anchas pálpebras sobre os ollos de agúa para vela-las súas emocións—. («¡Oh, oh! ¡Non me vai vostede comprometer! Pero, ¡loado sexa Deus! os condenados dos avogados non han preitear nun caso que me podería salpicar. ¿Que quererán, logo, os Listomère para poñerse así ó meu servizo?».)

—Señor —respondeu a baronesa—, os asuntos do señor Birotteau sonme tan alleos como o son para vostede os da señorita Gamard; pero, por desgracia, a relixión pode saír prexudicada cos seus debates e eu non vexo en vostede máis que un mediador, alí onde eu mesma actúo como conciliadora... («Non nos equivocaremos nin un nin o outro, señor Troubert», pensaba ela. «¿Repara no ton epigramático desta resposta?».)

—¡Prexudica-la relixión, señora! —dixo o gran vigairo. A relixión está demasiado arriba como para que os homes a poidan alcanzar. («A relixión son eu», pensaba.) Deus hanos xulgar sen erros, señora, —engadiu—, eu non recoñezo máis tribunal có seu.

—Pois ben, señor —respondeu ela—, tratemos de concilia-los xuízos dos homes cos xuízos de Deus. («Si, a relixión es ti».)

O abade Troubert cambiou de ton:

—¿O seu señor sobriño non foi a París? («Alí tiveron vostedes noticias miñas», pensaba. «Pódoa esmagar, a vostede que me desprezou. Vostede ven capitular».)

—Si, señor, agradézolle o interese que ten por el. Regresa esta noite a París, mandouno chama-lo ministro, que é moi bo con nós. («Xesuíta, non nos has esmagar», pensaba ela, «e a túa ironía xa a entendín».) Un momento de silencio.

—A súa conducta neste asunto non me parece conveniente —proseguíu—, pero hai que lle perdoar a un mariño que non entenda de Dereito. («Aliémonos», pensaba. «Non gañamos nada guerreando».)

O lixeiro sorriso do abade perdeuse entre os pregues do seu rostro.

—Fíxonolo favor de nos informar sobre o valor destas dúas pinturas —dixo, mirando para os cadros—, serán un fermoso adorno para a capela da Virxe. («Vostede lanzoume un epigrama», pensaba; «aí ten outro, estamos en paz, señora».)

—Se llos doase a Saint-Gatien eu pediríalle que me deixase ofrecerlle á igrexa uns marcos dignos do lugar e da obra. («Gustaríame facerche confesar que cobizába-los mobles de Birotteau», pensaba.)

—Non me pertencen —dixo o crego, seguindo á defensiva.

—Pois aí temos un acto que acaba con toda discusión e devólvellos á señorita Gamard.

Pousou a renuncia sobre a mesa. («Vexa, señor», pensaba, «canta confianza teño en vostede».) É digno de vostede, señor —engadiu—, digno do seu bo carácter, reconciliar dous cristiáns; aínda que eu teña agora pouco interese polo señor Birotteau...

—Pero é o seu hóspede —dixo el interrompéndoa.

—Non, señor, xa non está na miña casa. («En que covardía me fan cae-lo título de par do meu cuñado e mailo grao do meu sobriño», pensaba.)

O abade permaneceu impasible, pero a súa actitude tranquila era síntoma das máis violentas emocións. O Señor de Bourbonne era o único que adiviñara o segredo desa paz aparente. ¡O crego triunfaba!

—¿E logo por que se encargou vostede da súa renuncia? —preguntou, excitado por un sentimento análogo ó que empuxa a unha muller a facer que lle repitan un cumprido.

—Non puiden evitar un impulso de compaixón. Birotteau, do que debe vostede coñecer-lo carácter feble, suplicoume que vise á señorita Gamard co fin de obter, como prezo á súa renuncia ós... —o padre engurrou o cello— ...ós *dereitos* recoñecidos ante distinguidos avogados, o retrato... —o crego mirou para a señora de Listomère— ...o retrato de Chapeloud —continuou ela—. Déixoo como xuíz da súa pretensión... («Serías condenado se quixeses interceder», pensaba.)

O ton que adoptou a baronesa para pronunciar estas palabras *distinguidos avogados* fíxolle ver ó sacerdote que coñecía a forza e a debilidade do inimigo. A señora de Listomère mostrou tanto talento ante aquel consumado experto no decurso desta conversa que se mantivo por longo tempo nese ton, que o abade baixou á casa da señorita Gamard para ir busca-la resposta á transacción proposta.

Troubert volveu axiña.

—Señora, estas son as palabras da pobre agonizante: «O señor abade Chapeloud deume demasiadas probas de amizade como para que me separe do seu retrato». En canto a min —proseguíu—, se me pertencese non llo cedería a ninguén. Tívenlle un afecto tan duradeiro ó querido defunto como para non crerme no dereito de disputarlle a súa imaxe a todo o mundo.

—Señor, non *nos poñamos a mal* por unha mala pintura. («A min impórtalleme tanto coma a vostede», pensaba.) Consérvea, nós mandaremos facer unha copia. Alégrome de ter aplacado este triste e deplorable proceso e, persoalmente, gañei o pracer de coñecelo. Teño oído falar do seu talento ó *whist*. Perdoaralle a unha muller a curiosidade —dixo sorrindo—. Se quixese vir xogar algunha vez á miña casa, non pode dudar da acollida que recibiría.

Troubert acariciou o queixelo. («¡Xa está atrapado! Bourbonne tiña razón», pensaba, «ten a súa dose de vaidade».)

En efecto, o gran vigairo experimentaba nese momento a mesma deliciosa sensación que Mirabeau non podía evitar cando, nos días do seu poder, vía abrirse ante a súa carruaxe a porta cocheira dun pazo noutrora pechado para el.

—Señora —respondeu—, teño ocupacións demasiado importantes para facer vida social; pero por vostede, ¿que non faría un? («¡A solteirona vai espichar, eu acadarei onda os Listomère e servireinos se eles me serven!» pensaba. «Máis vale telos como amigos ca coma inimigos».)

A señora de Listomère volveu á casa, esperando que o Arcebispo consumase unha obra de paz tan felizmente comezada. Pero Birotteau nin sequera ía sacar proveito da súa renuncia. A señora de Listomère soubo, ó día seguinte, da morte da señorita Gamard. Aberto o testamento da solteirona, ninguén se sorprendeu ó coñecerse que fixera ó abade Troubert o seu legatario universal. A súa fortuna foi estimada en cen mil escudos. O vigairo xeral enviou á casa da señora de Listomère dous billetes de invitación para o funeral e a condución do cadáver da súa amiga: un para ela e o outro para o seu sobriño.

—Haberá que ir —dixo ela.

—¡Iso non é nada! —exclamou o Señor de Bourbonne—. É unha proba coa que monseñor Troubert os quere xulgar. Barón, vaia ata o cemiterio —engadiu virando cara ó tenente de navío que, para desgracia súa, non abandonara Tours.

Celebrouse o funeral con gran magnificencia eclesiástica. Só unha persoa chorou. Foi Birotteau que, só nunha capela apartada e sen que o visen, considerouse culpable daquela morte e rogou sinceramente pola alma da defunta, deplorando con amargura non ter obtido dela o perdón polos seus erros. O padre Troubert acompañou o corpo da súa amiga ata a fosa na que debía ser soterrada. Cando chegou ó bordo pronunciou un discurso no que, gracias ó seu talento, o cadro da estreita vida levada pola testadora adoptou proporcións monumentais. Os asistentes remarcaron estas palabras da perorata:

«Esta vida chea de días entregados a Deus e á súa relixión, esta vida adornada por tantas fermosas accións levadas a cabo en silencio, tantas virtudes modestas e ignoradas, foi truncada por unha dor que nós chamaríamos inmerecida, se, ás portas da eternidade, puidesemos esquecer que tódalas nosas afliccións nos son enviadas por Deus. Os moitos amigos desta santa muller, coñecendo a nobreza e o candor da súa alma, sabían que ela podía soportalo todo, agás as sospeitas que murchaban a súa vida enteira. Así, tal vez a Providencia a levara ó seo de Deus para furtala ás nosas miserias. ¡Felices os que poden repousar, aquí embaixo, en paz consigo mesmos, como Sophie repousa agora na morada dos benaventurados vestida de inocencia!»

—Cando rematou con aquel pomposo discurso —seguiu o Señor de Bourbonne que lle relatou as circunstancias do enterro á señora de Listomère cando quedaron a soas co barón, acabado o xogo e pechadas as portas— figúrese, se lle é posible, a ese Luís XI con sotana, asperxindo as derradeiras gotas de auga bendita.

O Señor de Bourbonne colleu as tenaces e imitou tan ben o xesto do abade Troubert que o barón e a súa tía non puideron evitar sorrir.

—Só aí, se traizoou —continuou o vello terratenente—. Ata entón a súa compostura fora perfecta; pero ó enterrar para sempre a esa solteirona que desprezaba soberanamente e odiaba se cadra tanto como detestou a Chapeloud, foille, sen dúbida, imposible non deixar asomar un xesto de ledicia.

Ó día seguinte pola mañá, a señorita Salomon foi xantar á casa da señora de Listomère e, ó chegar, díxolle moi afectada:

—O noso pobre abade Birotteau acaba de recibir un golpe horrible que mostra os cálculos máis estudiados do odio. Nomeárono párroco de Saint-Symphorien.

Saint-Symphorien é un barrio de Tours, situado ó outro lado da ponte. Esa ponte, un dos máis fermosos monumentos da arquitectura francesa, ten mil novecentos pés de longo con dúas prazas exactamente iguais

que a rematan a cada extremo.

—¿Comprende? —seguiu despois dunha pausa, sorprendida pola frialdade da señora de Listomère ó coñece-la noticia—. O abade Birotteau estará aló como a cen leguas de Tours, dos seus amigos, de todo. ¿Non é un exilio horroroso?, canto máis que o arrincan a unha vila que os seus ollos verán tódolos días e á que mal poderá vir. El que, despois do seu infortunio, a penas pode andar, veríase obrigado a facer case unha legua para vernos. Neste momento, o infeliz está no leito con febre. A rectoral de Saint-Symphorien é fría e húmida e a parroquia non ten cartos abondo para reparala. O pobre vello vaise atopar enterrado nun verdadeiro sepulcro. ¡Que componenda máis horrible!

Agora, quizá nos baste, para rematar esta historia, contar simplemente algúns acontecementos e esbozar un último cadro.

Cinco meses máis tarde, o vigairo xeral foi nomeado bispo. A señora de Listomère morrera deixándolle no seu testamento mil cincocentos francos de renda ó abade Birotteau. O día en que se coñeceu o testamento da baronesa, monseñor Hyacinthe Troubert, bispo de Troyes, estaba a punto de saír da vila de Tours para ir residir na súa diocese; pero retardou a partida. Furioso porque fora enganado por unha muller á que lle dera a man, mentres que ela lle tendía a súa, en segredo, a un home que el consideraba inimigo, Troubert ameazou de novo o futuro do barón e o título de par do marqués de Listomère. Dixo en plena asemblea, no salón do Arcebispo, unha desas frases eclesiásticas, preñadas de vinganza e cheas de meliflua mansedume. O ambicioso mariño foi ver a aquel crego implacable que seguramente lle dictou duras condicións, pois a conducta do barón evidenciou a máis completa entrega ás vontades do terrible congregacionista. O novo bispo devolveu, por un documento legal, a casa da señorita Gamard ó Cabido da Catedral, doou a biblioteca e os libros de Chapeloud ó seminario menor, ofreceu os dous cadros reclamados á capela da Virxe; pero quedou co retrato de Chapeloud. Ninguén se explicou este abandono case total da herdanza da señorita Gamard. O Señor de Bourbonne supuxo que o bispo conservaba en segredo o capital líquido, para ser capaz de manter con honor o seu rango en París, se alcanzaba o banco dos bispos na cámara alta. Finalmente, a véspera da partida de monseñor Troubert, o zorro vello acabou por descubri-lo último cálculo que ocultaba esa acción, golpe de gracia dado pola máis persistente de tódalas vinganzas á máis débil de tódalas vítimas. ¡O legado da señora de Listomère a Birotteau foi reclamado polo barón de Listomère so pretexto de captación! Algúns días despois da notificación de inicio da causa, o barón foi nomeado capitán de navío. Por unha medida disciplinaria o cura de Saint-Symphorien quedaba incapacitado. Os seus superiores eclesiásticos xulgaban o proceso por anticipado. ¡O asasino da defunta Sophie Gamard era, logo, un canalla! Se monseñor Troubert conservase a herdanza da solteirona, seríalle difícil facer condenar a Birotteau.

No momento en que monseñor Hyacinthe, bispo de Troyes, pasaba no coche correo ó longo do peirao de Saint-Symphorien para dirixirse a París, o pobre abade Birotteau estaba nunha terraza, onde o puxeran nunha cadeira ó sol. Aquel pobre crego, condenado polo seu Arcebispo, aparecía pálido e fraco. A dor, impresa en tódolos seus trazos, descompoñía totalmente aquela cara, noutrora tan docemente alegre. A enfermidade botaba sobre aqueles ollos, inxenuamente animados noutro tempo polos praceres da boa mesa e desprovistos de ideas sólidas, un veo que simulaba un pensamento. Non era máis có esqueleto do Birotteau que andaba, un ano antes, tan baleiro pero tan contento, a través do Claustro. O bispo botou sobre a súa vítima unha ollada de desprezo e de piedade, despois consentiu en esquecerlo e pasou.

Non hai dúbida de que noutro tempo Troubert sería Hildebrandt ou Alexandre VI¹². Hoxe, a Igrexa xa non é unha potencia política e xa non absorbe as forzas de xentes solitarias. O celibato ofrece, pois, ese vicio capital que, facendo converxe-las calidades do home nunha soa paixón, o egoísmo, fai ós célibes ou prexudiciais ou inútiles. Vivimos nunha época na que o defecto dos gobernos é teren feito menos a Sociedade para o Home que o Home para a Sociedade. Existe un combate perpetuo entre o individuo contra o sistema que o quere explotar e que el trata de explotar en beneficio seu; mentres que antigamente o home, realmente máis libre, se mostraba máis xeneroso para coa cousa pública.

O círculo no que se axitan os homes foise ampliando insensiblemente: a alma que poida abrazar a súa síntese nunca será máis que unha magnífica excepción; pois, habitualmente, en moral como en física, o movemento perde en intensidade o que gaña en extensión. A Sociedade non se debe basear nas excepcións. Primeiro, o home foi pura e simplemente pai e o seu corazón bateu calidamente, concentrado no radio da súa familia. Máis tarde, viviu para un clan ou para unha pequena república: de aí os grandes sacrificios históricos de Grecia ou Roma. Despois foi home dunha casta ou dunha relixión pola grandeza da cal se mostrou a miúdo sublime; pero aí, o campo dos seus intereses ampliouse a tódalas rexións intelectuais. Hoxe a súa vida esta atada á dunha inmensa patria; pronto a súa familia será, din, o mundo

enteiro. Este cosmopolitismo moral, esperanza da Roma cristiá, ¿non sería un sublime erro? É tan natural crer na realización dunha nobre quimera, na fraternidade dos homes. Pero ¡ai! a máquina humana non ten tan divinas proporcións. As almas grandes abondo como para desposar unha sentimentalidade reservada ós grandes homes non serán xamais nin as dos simples cidadáns, nin as dos pais de familia. Certos fisiólogos pensan que cando o cerebro medra así, o corazón debe encoller. ¡Erro! O egoísmo aparente dos homes que levan unha ciencia, unha nación ou unhas leis no seu seo ¿non é a máis nobre das paixóns e, dalgún xeito, a maternidade das masas? Para parir pobos novos ou para producir ideas novas ¿non deben unir nas súas poderosas cabezas os peitos da muller á forza de Deus? A historia dos Inocencio III, dos Pedro o Grande e de todos eses conductores de séculos ou de nacións probaría, se fose necesario, nun orde moi elevado, ese inmenso pensamento que Troubert representaba no fondo do claustro de Saint-Gatien.

Saint-Firmin, abril de 1832.

Notas

¹ Escultor francés (1788 - 1856), autor do frontón do Panteón nomeadamente e dun busto de Balzac.

² Saint-Gatien, construída entre os séculos XIII e XVI, é a catedral de Tours.

³ Psalette: escola de música dunha igrexa onde se instrúen os acólitos.

⁴ Sixto V (1520-1590) :papa citado a miúdo por Balzac como exemplo de disimulo ó servizo dunha enorme ambición. Durante longos anos finxiu unha enfermidade e, logo, no seu breve pontificado despregou unha actividade desbordante.

⁵ Napoleón I morreu en 1821.

⁶ Luís XVII, o Delfín, fillo de Luís XVI e de María Antonieta, morreu en circunstancias bastante misteriosas. Moitos esbozaron a hipótese dunha evasión ou dunha substitución do neno.

⁷ A cognomoloxía é unha pseudociencia segundo a cal os nomes da xente teñen certa relación coa súa personalidade, segundo Lawrence Sterne explica na súa novela *Tristan Shandy* (libro I).

⁸ Marie-Maurine Virot de Sombreuil (1774-1823) salvara a seu pai das matanzas de setembro, durante a Revolución (1792), lanzándose entre a multitude e el, implorando o seu perdón. Foi executada tres anos máis tarde como conspiradora.

⁹ Tribunal secreto da república de Venecia que dispoñía dunha temible policía.

¹⁰ Edificio construído no tempo de Luís XIII. Baixo Luís XIV acolleu, ademais dos militares feridos, ós que estaba en principio destinado, os enfermos incurables, os vagabundos e os condenados antes de saír para o penal.

¹¹ A congregación dos xesuítas, cunha grande influencia, nesta época, que é tamén denunciada por Sthendal en *Le rouge et le noir*.

¹² Hildebrand (século XI) foi papa co nome de Gregorio VII. É célebre, sobre todo, por ter excomulgado ó emperador Henrique IV ó que humillou facéndoo vir a Canosa (querela das Investiduras). Alexandre VI (séc.XV), da familia dos Borxia, foi un deses papas escandalosos do Renacemento.